	Humanid.		36,84%		2,54/5	Dispoñibilidade dos fondos bibliográficos (3,62/5)	Difusión actividades extracurriculares (1,43/5)
<b>Profesorado</b> *2014/15 (resultados bianuais, non están dispoñibles aínda os do curso 2015-16)	Grao E. Infantil	52,94%	63,46%	3,86/5	4,07/5	Información sobre o desenvolvemento do ensino (4,36/5)	Coord. entre as materias plan de estudos (3,55/5)
	Grao E. Primaria	53,49%	47,22%	3,71/5	3,99/5	Información sobre o desenvolvemento do ensino (4,49/5)	Coord. entre as materias plan de estudos (3,35/5)
	Grao E. Social	56,41%	41,03%	4,04/5	4,19/5	Plataformas de teledocencia e ferr. mult. (4,55/5)	Coord. entre as materias plan de estudos (3,67/5)
	Grao T. Social	64,86%	77,14%	4,09/5	3,96/5	Plataformas de teledocencia e ferr. multimedia (4,23/5)	Obxectivos de calidade (3,58/5)
	M. Dificultades	69,23%	26,92%	4,54/5	4,56/5	Infor. sobre obxect. e comp./Compet. Plano de est. (4,81/5)	Orientación profesional e laboral (4,24/5)
	M. Diversidade	60,00%	35,00%	4,30/5	4,29/5	Espazos destinados ao traballo do estudantado (4,64/5)	A coherencia dos criterios de asig. docencia (3,82/5)
	M. Prof. Secundaria	57,89%	57,58%	3,97/5	4,14/5		
	M. Prof. Secundaria	Xeog.Hist.		33,33%		3,92/5	Horar./Calend/Coord/ mat./Aulas/Lab./Espazos/F. bibl./Tel.doc(5,00/5)
	Mat.Tecnol.		83,33%		4,67/5	Obxec.e comp./Compet./Inf. Desenv. ens./Org. Mat./ Horar./Calend//Prop. clases/ Des. Ens/coher. Asig. Doc./ F. bibl./Tel.doc. (5,00/5)	Aulas e o seu equip./Lab. e aulas inf. (4,00/5)
	Orientación		50,00%		4,21/5	Laboratorios e as aulas de informática (4,63/5)	Difusión actividades extr. curriculares (3,64/5)
	Humanid.		63,64%		3,75/5	Infor. sobre obxect. e competencias (4,57/5)	Coord. entre as materias plan de estudos (2,86/5)
<b>Persoas tituladas</b>	Grao E. Infantil	19,75%	39,00%	3,10/5	3,05/5	A utilidade das prácticas académicas externas (4,55/5)	A orientación profesional e laboral (2,46/5)
	Grao E. Primaria	22,22%	45,00%	3,27/5	3,01/5	A utilidade das prácticas académicas externas (4,39/5)	A orientación profesional e laboral (2,39/5)
	Grao E. Social	32,61%	44,00%	3,18/5	3,23/5	A utilidade das prácticas académicas externas (4,39/5)	A orientación profesional e laboral (2,55/5)
	Grao T. Social	37,78%	39,00%	3,34/5	3,29/5	A utilidade das prácticas académicas externas (3,90/5)	A orientación profesional e laboral (2,43/5)
	M. Dificultades	41,67%	58,00%	3,85/5	3,67/5	Os servizos (secret. Alumnos, biblioteca) (4,70/5)	A orientación profesional e laboral (2,80/5)
	M. Diversidade	43,75%	32,00%	3,11/5	3,46/5	A utilidade das prácticas académicas externas (4,67/5)	A orientación profesional e laboral (2,70/5)

	M. Prof. Secundaria	16,36%	30,30%	2,47/5	2,25/5		
	M. Prof. Secundaria	Xeog.Hist.	12%		1,93/5	Os servizos (secret. Alumnos, biblioteca) (4,50/5)	Información e orientación académica (1,00/5) Organización temporal das materias (1,00/5)
		Mat.Tecnol.	40%		2,53/5	A utilidade das prácticas académicas externas (3,75)	As competencias adquiridas (1,75/5)
		Orientación	33%		2,80/5	Actualidade da formación/Org. Temporal das materias/Os servizos/Utilidade da formación (3,33/5)	Inf. e orientación/Adecuac. Profesorado/Adecuac. Formación/As competencias adquiridas (2,33/5)
		Humanid.	35%		2,29/5	Utilidade das prácticas acad. externas/Os servizos (4,17/5)	A actualidade da formación recibida (1,50/5)
<b>Empregadores</b>	Grao E. Infantil					Os empregadores non facilitaron datos.	
	Grao E. Primaria					Os empregadores non facilitaron datos.	
	Grao E. Social		60%		4,22/5	Desempeño profesional/Valor que achega a empr. (4,33/5)	A adecuación da formación (4,00/5)
	Grao T. Social					Os empregadores non facilitaron datos.	
	M. Dificultades					Os empregadores non facilitaron datos.	
	M. Diversidade					Os empregadores non facilitaron datos.	
	M. Prof. Secundaria					Os empregadores non facilitaron datos.	
<b>PAS</b> *2015/16 (resultados bianuais)	Grao E. Infantil	Participación 36,36 %. Non hai datos por titulación, é o resultado da participación por Centro.		3,11/5		Satisfacción coa información xeral sobre o centro e as súas titulacións (3,58/5)	Satisfacción cos recursos humanos (2,63/5)
	Grao E. Primaria						
	Grao E. Social						
	Grao T. Social						
	M. Dificultades						
	M. Diversidade						
	M. Prof. Secundaria						



## 2.1.3. Resultados de indicadores por materia e titulación

### 2.1.3.1. Resultados globais por materias e titulación

Seguidamente achéganse os resultados globais, en porcentaxes, dos últimos tres cursos académicos (véxase a seguinte táboa).

Resultados globais por materia: Títulos de Grao e Mestrado do Centro

Panel de indicadores por materia		Titulacións Centro	Resultados globais Curso 2016/17	Resultados globais Curso 2015/16	Resultados globais Curso 2014/15
<b>TÍTULOS DE GRAO</b>					
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Grao en Ed. Infantil	96,00%	94,74%	95,00%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		94,00%	92,87%	94,41%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		90,00%	87,99%	89,68%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Grao en Ed. Primaria	96,00%	94,89%	94,79%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		92,00%	90,97%	92,85%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		88,00%	86,32%	88,01%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Grao en Ed. Social	97,00%	96,70%	95,35%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		91,00%	91,73%	88,95%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		88,00%	88,70%	84,81%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Grao en Tb. Social	90,00%	90,71%	90,80%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		91,00%	91,25%	90,27%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		82,00%	82,78%	81,97%
<b>TÍTULOS DE MESTRADO</b>					
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Mestrado en Dificultades	99,00%	100,00%	100,00%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		93,00%	94,07%	94,74%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		92,00%	94,07%	94,74%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Mestrado en Diversidade	100,00%	99,75%	99,44%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		86,00%	89,20%	87,49%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		86,00%	88,98%	87,00%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Mestrado en Adolescentes	Este mestrado está extinguido	100,00%	100,00%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación			66,67%	84,92%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento			66,67%	84,92%
<b>IM01</b>	Taxa de éxito	Mestrado de Secundaria	99,00%	100,00%	100,00%
<b>IM02</b>	Taxa de avaliación		96,00%	97,76%	98,53%
<b>IM03</b>	Taxa de rendemento		95,00%	97,76%	98,53%

## 2.1.3.2. Resultados desglosados por materia e titulación

### TÍTULOS DE GRAD

#### • Grao en Educación Infantil

Seguidamente preséntanse os resultado desglosados por materia no título referido.

#### GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos	100%	93%	93%
Educación: Desenvolvemento motor	99%	94%	95%
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil	95%	88%	93%
Psicoloxía: Fundamentos psicolóxicos da intervención temperá	88%	85%	96%
Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade	97%	95%	98%
Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil	100%	98%	98%
Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral	100%	90%	90%
Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo	100%	96%	96%
Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual	100%	95%	95%
Bases pedagóxicas da educación especial	100%	100%	100%
Aspectos didácticos e organizativos da educación especial	100%	96%	96%
Comunicación: Lingua española	97%	88%	91%
Comunicación: Lingua galega	62%	58%	93%
Socioloxía: Socioloxía da educación	99%	94%	95%
Educación: Teoría e institucións contemporáneas da educación	100%	95%	95%
Educación: Tutoría e orientación coa familia	95%	91%	96%
Ética e deontoloxía profesional	100%	91%	91%
Didáctica da relixión católica	100%	100%	100%
Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica	99%	93%	93%
Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta	83%	79%	95%
Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil	100%	97%	97%
Educación: Organización do centro escolar	99%	94%	95%
Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil	99%	94%	95%
Antropoloxía: Pensamento e cultura	84%	79%	94%
Aprendizaxe das ciencias da natureza	100%	96%	96%
Aprendizaxe das ciencias sociais	100%	96%	96%
Matemáticas para mestres: Educación infantil	97%	92%	96%

Coñecemento do medio natural	95%	95%	100%
Xeografía para mestres	100%	83%	83%
Didáctica das matemáticas para a educación infantil	100%	100%	100%
Idioma estranxeiro I: Francés	100%	94%	94%
Didáctica da lingua e a literatura infantil	100%	95%	95%
Lingua e literatura: Galego	100%	91%	91%
Aprendizaxe da lingua estranxeira: Inglés	98%	92%	94%
Didáctica da expresión plástica e visual	100%	93%	93%
Expresión musical e a súa didáctica	100%	91%	91%
Educación física e a súa didáctica na idade infantil	99%	95%	96%
Obradoiro de creatividade artística	100%	100%	100%
Xogo na educación infantil	100%	100%	100%
Traballo de Fin de Grao	100%	60%	60%
Prácticas externas: Prácticum	100%	100%	100%
Idioma estranxeiro I: Inglés	100%	88%	88%
Lingua e literatura: Español	88%	86%	98%
Aprendizaxe da lingua estranxeira: Francés	97%	88%	90%
Idioma estranxeiro II: Francés	100%	50%	50%
Idioma estranxeiro II: Inglés	91%	83%	92%
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés	50%	50%	100%
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Inglés	100%	92%	92%
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés	50%	50%	100%
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés	100%	92%	92%
Lingua estranxeira a través da literatura infantil ou xuvenil: Francés	100%	50%	50%
Lingua estranxeira a través da literatura infantil ou xuvenil: Inglés	100%	100%	100%
Didáctica da lingua estranxeira: Inglés	100%	100%	100%

## GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	93%	82%	87%
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar	90%	79%	89%
Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento	90%	79%	88%
Educación: Teoría e historia da educación	95%	91%	95%
Educación: Fundamentos didácticos e organizativos do ensino	99%	94%	95%
Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria	95%	84%	88%
Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria	100%	87%	87%
Socioloxía: Socioloxía da educación	89%	84%	94%
Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento	92%	83%	90%
Ética e deontoloxía profesional	100%	100%	100%
Introdución ao feito relixioso e ao cristián	100%	83%	83%

Ciencias experimentais	92%	86%	93%
Didáctica das ciencias experimentais I	100%	98%	98%
Didáctica das ciencias experimentais II	99%	92%	93%
Educación ambiental para o desenvolvemento	100%	100%	100%
Historia: Historia do presente	99%	86%	87%
Xeografía	92%	83%	91%
Didáctica das ciencias sociais	99%	93%	94%
Matemáticas e a súa didáctica I	90%	79%	88%
Matemáticas e a súa didáctica II	85%	75%	89%
Recursos para o ensino das matemáticas	100%	89%	89%
Lingua española	98%	92%	94%
Lingua galega	64%	60%	93%
Didáctica da lingua e literatura: Galego	100%	90%	90%
Lingua e literatura: Galego	94%	86%	92%
Lingua francesa e a súa didáctica	100%	93%	93%
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés	100%	100%	100%
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés	100%	100%	100%
Idioma estranxeiro: Francés	100%	100%	100%
Idioma estranxeiro: Inglés	100%	96%	96%
Literatura infantil e xuvenil	100%	100%	100%
Expresión e linguaxe musical	100%	92%	92%
Didáctica das artes plásticas e visuais	100%	99%	99%
Educación artística	100%	97%	97%
Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria	98%	90%	92%
Prácticas externas: Prácticum	100%	96%	96%
Traballo de Fin de Grao	100%	69%	69%
Innovación e investigación didáctica	99%	94%	95%
Educación física e a súa didáctica na educación primaria	100%	92%	92%
Didáctica da lingua e literatura: Español	100%	98%	98%
Lingua e literatura: Español	93%	88%	95%
Lingua inglesa e a súa didáctica	100%	92%	92%
Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Inglés	100%	95%	95%
Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés	100%	96%	96%
Didáctica da lingua estranxeira: Inglés	100%	96%	96%
Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Inglés	100%	89%	89%
Necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade intelectual	96%	86%	89%
Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo	100%	96%	96%
Prevenición e tratamento das dificultades na aprendizaxe da linguaxe oral	100%	96%	96%
Aspectos didácticos e organizativos da educación especial	100%	94%	94%
Bases pedagóxicas da educación especial	100%	100%	100%

## GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Educación: Teorías e institucións educativas	94%	89%	95%
Educación: Historia da educación social	93%	84%	90%
Psicoloxía: Psicoloxía social	96%	90%	94%
Socioloxía: Socioloxía da educación	100%	95%	95%
Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural	93%	85%	90%
Filosofía: Filosofía social	100%	96%	96%
Metodoloxía de investigación socioeducativa	100%	94%	94%
Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas	95%	88%	93%
Educación: Pedagogía social	98%	90%	92%
Xénero e educación social	100%	94%	94%
Educación para o lecer e o tempo libre	97%	93%	95%
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento	89%	84%	94%
Educación: Educación permanente	100%	95%	95%
Xerontoloxía e educación social	100%	91%	91%
Educación intercultural e para a paz	97%	91%	94%
Educación de persoas adultas	95%	86%	91%
Intervención socioeducativa no ámbito familiar	93%	89%	95%
Intervención socioeducativa nas condutas aditivas	91%	84%	92%
Educación social no sistema educativo	96%	89%	93%
Intervención socioeducativa para a inclusión social	97%	93%	96%
Discapacidade e educación social	100%	100%	100%
Socioloxía do consumo e identidades culturais	98%	97%	98%
Educación social nos servizos sociais	100%	100%	100%
Recursos tecnolóxicos en educación social	100%	95%	95%
Estratexias de aprendizaxe en contextos socioeducativos	97%	94%	96%
Mediación en conflitos e situacións de violencia	93%	91%	98%
Habilidades sociais en educación social	99%	95%	96%
Investigación-acción na práctica socioeducativa	100%	97%	97%
Dinámica de grupos e intervención psicosocial comunitaria	100%	92%	92%
Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo	99%	95%	96%
Programas de animación sociocultural	79%	72%	91%
Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social	99%	95%	96%
Educación e animación sociolaboral	94%	86%	91%
Educación ambiental para o desenvolvemento sostible	93%	85%	91%
Intervención en saúde e educación social	95%	95%	100%
Avaliación de programas socioeducativos	100%	95%	95%
Programas de educación social na terceira idade	100%	90%	90%
Sexualidade e saúde	96%	84%	87%
Iniciación na práctica profesional	100%	92%	92%
Prácticas externas: Prácticum II	100%	98%	98%
Traballo de Fin de Grao	100%	52%	52%
Prácticas externas: Prácticum I	100%	98%	98%

## GRADO EN TRABAJO SOCIAL

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Introdución ao traballo social	86%	76%	89%
Epistemoloxía do traballo social	81%	72%	89%
Ética e traballo social	90%	71%	79%
Conceptos, teorías e métodos en traballo social	74%	66%	89%
Proceso de planificación en traballo social	98%	94%	96%
Traballo social individual e familiar	100%	95%	95%
Traballo social grupal e comunitario	98%	96%	98%
Traballo social e mediación	94%	77%	82%
Traballo social e cooperación ao desenvolvemento	100%	85%	85%
Traballo social na incorporación social	100%	98%	98%
Habilidades sociais e de comunicación do traballo social	92%	88%	95%
Habilidades, técnicas e instrumentos en traballo social	94%	89%	94%
Inglés para traballadores/as sociais	92%	86%	93%
Estatística: Estatística aplicada á investigación social	96%	84%	87%
Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social	97%	94%	97%
Avaliación de programas sociais	100%	100%	100%
Fundamentos dos servizos sociais	82%	78%	95%
Organización dos servizos sociais	80%	72%	91%
Servizos sociais especializados I	84%	79%	94%
Servizos sociais especializados II	86%	79%	93%
Sistemas de benestar social comparados	100%	97%	97%
Pedagoxía social para traballo social	100%	94%	94%
Ciencia política: Política e democracia	82%	74%	90%
Política social	98%	93%	94%
Políticas públicas en España	100%	96%	96%
Política social europea	91%	85%	94%
Traballo social e ámbitos profesionais	100%	100%	100%
Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural	78%	73%	93%
Socioloxía: Socioloxía xeral	100%	91%	91%
Psicoloxía: Psicoloxía básica	93%	90%	98%
Psicoloxía: Psicoloxía social	71%	65%	92%
Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital	74%	68%	92%
Socioloxía aplicada ao traballo social	100%	96%	96%
Estrutura social	98%	95%	96%
Xénero, violencia e intervención social	100%	97%	97%
Saúde, dependencia e vulnerabilidade	98%	93%	94%
Xeriatria para traballadores/as sociais	96%	96%	100%
Dereito: Fundamentos xurídicos	92%	79%	86%
Dereito: Dereito e traballo social	100%	94%	94%
Xestión de organizacións de benestar social	92%	84%	91%
Prácticas externas: Prácticum	100%	100%	100%
Traballo de Fin de Grao	100%	52%	52%

## TÍTULOS DE MESTRADO

### • Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

#### MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Dificultades de Aprendizaxe e Intervención Baseada nos Procesos de Codificación	100%	100%	100%
Dificultades de Aprendizaxe e Intervención Baseada nos Procesos de Atención e Planificación	100%	100%	100%
Dificultades de Aprendizaxe no Proceso Lector	100%	100%	100%
Dificultades de Aprendizaxe e Estratexias Cognitivas	100%	100%	100%
Técnicas de Medida dos Procesos Lectores	100%	100%	100%
Motricidade e Dificultades de Aprendizaxe Escolar	100%	100%	100%
Función Reguladora da Linguaxe, Procesos Cognitivos e Dificultades de Aprendizaxe	100%	100%	100%
Iniciación á Investigación en Psicoloxía Educativa	100%	100%	100%
Métodos e Deseños de Investigación en Psicoloxía Educativa	100%	100%	100%
Utilización das TICs para a Búsqueda, Xestión e Codificación da Información	100%	100%	100%
Dificultades de Aprendizaxe na Escritura e no Cálculo	100%	100%	100%
Procesos Motivacionais e Dificultades de Aprendizaxe	100%	100%	100%
Dificultades de Aprendizaxe, CI e Enriquecemento Instrumental	100%	100%	100%
Autorregulación e Dificultades de Aprendizaxe	100%	100%	100%
Técnicas Cuantitativas de Investigación e Análise de Datos	100%	100%	100%
Técnicas Cualitativas de Investigación e Análise de Datos	100%	100%	100%
Traballo de Fin de Máster	100%	68%	68%

### • Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

#### MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS

Materia	% Éxito	% Rendemento	%Avaliación
Interculturalismo en Entornos Socio-educativos	100%	94%	94%
Interculturalismo en Contextos Escolares	100%	97%	97%
Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acolida	100%	92%	92%
Desenvolvemento Comunitario	100%	100%	100%
Compensación das Desigualdades na Educación	100%	97%	97%
Calidade de Vida para as Persoas Maiores	100%	100%	100%
Educación de Adultos	100%	94%	94%
Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza	100%	95%	95%
Xénero e Educación	100%	97%	97%
Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade	100%	100%	100%
Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades	100%	100%	100%

Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/Alumnos con Necesidades Educativas	100%	97%	97%
Prácticum	100%	94%	94%
Traballo de Fin de Máster	100%	59%	59%

• **Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas**

ESPECIALIDADE: CIENCIAS SOCIAIS. ITINERARIO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

Módulo	Materia	% Éxito	% Rendemento	% Avaliación
<b>Módulo común</b>	Orientación e Función Titorial	100%	<b>99%</b>	<b>99%</b>
	Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	100%	<b>97%</b>	<b>97%</b>
	Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	<b>99%</b>	<b>97%</b>	<b>99%</b>
	Sistema Educativo e Educación en Valores	100%	100%	100%
<b>Módulo específico</b>	Investigación e Innovación na Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Ciencias Sociais na Educación Secundaria I	100%	100%	100%
	Ciencias Sociais na Educación Secundaria II	100%	100%	100%
	Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Xeografía na Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Prácticas Externas	100%	<b>96%</b>	<b>96%</b>
	Traballo Fin de Máster	100%	<b>87%</b>	<b>87%</b>

ESPECIALIDADE: CIENCIAS EXPERIMENTAIS. ITINERARIO: MATEMÁTICAS E TECNOLOXÍA

Módulo	Materia	% Éxito	% Rendemento	% Avaliación
<b>Módulo común</b>	Orientación e Función Titorial	100%	<b>99%</b>	<b>99%</b>
	Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	100%	<b>97%</b>	<b>97%</b>
	Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	<b>99%</b>	<b>97%</b>	<b>99%</b>
	Sistema Educativo e Educación en Valores	100%	100%	100%



<b>Módulo específico</b>	A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Investigación e Innovación na Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais	100%	100%	100%
	Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria	100%	100%	100%
	Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	<b>95%</b>	<b>95%</b>	100%
	Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía	<b>95%</b>	<b>95%</b>	100%
	Prácticas Externas	100%	<b>96%</b>	<b>96%</b>
	Traballo Fin de Máster	100%	<b>87%</b>	<b>87%</b>

## ESPECIALIDADE: CIENCIAS SOCIAIS. ITINERARIO: HUMANIDADES

<b>Módulo</b>	<b>Materia</b>	<b>% Éxito</b>	<b>% Rendemento</b>	<b>% Avaliación</b>
<b>Módulo común</b>	Orientación e Función Titorial	100%	<b>99%</b>	<b>99%</b>
	Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	100%	<b>97%</b>	<b>97%</b>
	Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	<b>99%</b>	<b>97%</b>	<b>99%</b>
	Sistema Educativo e Educación en Valores	100%	100%	100%
<b>Módulo específico</b>	Ciencias Sociais na Educación Secundaria I	100%	100%	100%
	Ciencias Sociais na Educación Secundaria II	100%	100%	100%
	Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais	100%	100%	100%
	Prácticas Externas	100%	<b>96%</b>	<b>96%</b>
	Traballo Fin de Máster	100%	<b>87%</b>	<b>87%</b>
	Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria	<b>95%</b>	<b>95%</b>	100%

## ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Módulo	Materia	% Éxito	% Rendemento	% Avaliación
<b>Módulo común</b>	Orientación e Función Titorial	100%	<b>99%</b>	<b>99%</b>
	Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	100%	<b>97%</b>	<b>97%</b>
	Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	<b>99%</b>	<b>97%</b>	<b>99%</b>
	Sistema Educativo e Educación en Valores	100%	100%	100%
<b>Módulo específico</b>	Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	100%	<b>91%</b>	<b>91%</b>
	Prácticas Externas	100%	<b>96%</b>	<b>96%</b>
	Traballo Fin de Máster	100%	<b>87%</b>	<b>87%</b>
	Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular	100%	<b>91%</b>	<b>91%</b>
	A Atención á Diversidade e a súa Intervención	100%	<b>80%</b>	<b>80%</b>
	A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	100%	<b>90%</b>	<b>90%</b>
	Formación Académica e Profesional	100%	100%	100%
	A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar	100%	<b>91%</b>	<b>91%</b>

## 2.2. Análise de resultados

### 2.2.1. Análise de resultados sobre a satisfacción

Os índices de satisfacción do estudiantado, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese obtéñense a través de dúas fontes fundamentais de información: **a) As enquisas de avaliación docente** que se centran no contido das materias e ao labor do profesorado (estas enquisas aplícanse no momento en que as materias teñen docencia e o seu alumnado asiste ás súas clases); **b) As enquisas de satisfacción co título**, cumprimentadas por diferentes colectivos (estudiantado e egresados que o fan anualmente, e os docentes e persoal de administración e servizos cada dous anos). Os datos do PAS son comúns para toda a Facultade.

## **TÍTULOS DE GRADO**

### **• Grao en Educación Infantil**

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas.

#### **a) As enquisas de avaliación docente**

A puntuación global referida ao grao de Educación Infantil no curso 2016-17 foi de 3,67 sobre 5, o que indica en termos xerais un nivel elevado de satisfacción entre o alumnado do centro. É de destacar que o ítem mellor valorado ten que ver coa adecuación do plan formativo (ítem 1. Esta materia é importante para a miña formación) no que se presenta unha puntuación de 4,06 sobre 5, seguida da transparencia e accesibilidade do programa académico para o alumnado (ítem 3. A guía docente, o programa da materia está dispoñible e é accesible con facilidade) cunha puntuación de 4,07 sobre 5. En calquera caso, ningún dos ítems obxecto de avaliación acadou valores inferiores a 3,50.

#### **b) As enquisas de satisfacción co título**

Outra fonte de información referida á satisfacción da comunidade universitaria (alumnado, profesorado, PAS e egresados) co Grao de Educación Infantil son as enquisas de satisfacción coa titulación. Neste sentido hai que destacar que ao longo dos anos avaliados se vén observando unha media de puntuacións significativamente inferiores ás obtidas nas enquisas de avaliación docente. Unha posible razón pode ser o feito de que nas enquisas de avaliación docente o obxecto de valoración é concreto (un docente, un espazo, un material, un recurso...), mentres que neste caso o obxecto de valoración é moito máis abstracto e indefinido. En calquera caso, os resultados do grao de satisfacción global no curso 2016-17 reflicten un valor medio de 3,03 no caso do alumnado, e de 4,07 no caso do profesorado.

No referido aos ítems mellor e peor valorados obsérvanse certas diferenzas en función do colectivo enquisado. No alumnado o ítem mellor valorado ten que ver coa *información sobre competencias do plan de estudos* (3,61 sobre 5), mentres que o ítem peor valorado, é o ítem relativo á *información e orientación sobre itinerarios*, que ten un valor de 2,35. Quizais una das razóns explicativas sexa o feito de que unha alta porcentaxe de alumnado procede do Ciclo Superior de Educación Infantil e convalida un total de 36 créditos o que dá lugar a itinerarios formativos que se afastan do estándar establecido na memoria.

No profesorado o ítem mellor valorado (*Información sobre desenvolvemento do ensino*), cun valor de 4,36. O ítem peor valorado ten que ver coa *coordinación entre as materias do título*, presentando un valor de 3,55. Este dato é coherente coas dificultades inherentes á coordinación con outros docentes que

imparten as mesmas materias en centros situados en Vigo e Pontevedra, tendo en conta que o título se imparte en tres campus da universidade de Vigo.

### • Grao en Educación Primaria

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas.

#### a) As enquisas de avaliación docente

A puntuación global referida ao Grao de Educación Primaria no curso 2016-17, que inclúe valoracións sobre a *planificación, desenvolvemento e resultados do Título*, foi de 3,76 sobre 5, o que indica en termos xerais un nivel elevado de satisfacción entre o alumnado do centro. Neste sentido notase un aumento progresivo desde os primeiros aos últimos cursos do Grao [3,52, 3,56, 4,08, 4,12] que pode ser explicado por un mellor coñecemento e axuste dos estudantes ao título e o centro que permiten que as súas expectativas se vexan máis satisfeitas.

É de destacar que o ítem mellor valorado ten que ver coa adecuación do plan formativo '*ítem 1. Esta materia é importante para a miña formación*': 4.15/5, seguida da transparencia e accesibilidade do programa académico para o alumnado '*ítem 3. A guía docente, o programa da materia está dispoñible e é accesible con facilidade*' cunha puntuación de 3,86/5. En calquera caso, ningún dos ítems obxecto de avaliación acada valores inferiores a 3,55.

#### b) As enquisas de satisfacción co título

A valoración sobre a satisfacción co Grao en Educación Primaria ao longo dos anos avaliados, mostran unha media de puntuacións inferiores ás obtidas nas enquisas de avaliación docente, nos ítems coincidentes. Unha posible razón pode ser o feito de que nas enquisas de avaliación docente o obxecto de valoración é concreto (un docente, un espazo, un material, un recurso...), mentres que neste caso o obxecto de valoración é moito máis abstracto e indefinido, sendo tamén máis baixo a porcentaxe de participación. En calquera caso, os resultados do grao de satisfacción no curso 2016-17, cunha participación só do 23,58% do alumnado, reflicten un valor medio global de satisfacción co título de 2,63 sobre 5. Valoración que sube cando as analizadas son as enquisas de satisfacción das persoas tituladas (cun porcentaxe de participación do 45%) o índice de satisfacción global co Título é de 3,01/5.

Resulta difícil de explicar a baixa valoración global deste Grao por parte do alumnado nas enquisas de satisfacción, xa que se trata dun título que comparte recursos humanos e materiais, así como a planificación docente e a orientación co Grao de Educación Infantil, acadando sen embargo de forma continuada puntuacións máis baixas que este último, máxime neste caso en que a poboación suxeito das enquisas é o alumnado de 3º curso, que comparte en dúas das tres mencións que ofertan os títulos as mesmas materias, aulas e docentes. O mesmo ocorre cando se comparan de forma específica as puntuacións da enquisa de satisfacción cos ítems das EAD: o alumnado de 3º

curso valora cun 4,08/5 a labor docente do profesor/a, mentres que nas enquisas de satisfacción o mesmo alumnado valora cun 2,48/5 a calidade da docencia na titulación. En todo caso, é necesario analizar por parte do centro cal é o motivo desta diferenza na percepción por parte do alumnado

No referido aos ítems mellor e peor valorados obsérvanse certas diferenzas en función do colectivo preguntado. No alumnado o ítem mellor valorado é o 'ítem 16. Laboratorios, aula de informática... e o equipamento' [3,48/5], mentres que o ítem peor valorado, é o ítem 6 relativo *difusión das actividades extra-curriculares* 1,68/5.

O profesorado sinala como ítem mellor o 6. *Información dispoñible sobre desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes* cunha puntuación de 4,49/5. O ítem 9 foi o peor valorado, referido a *coordinación entre materias sobre o plano de estudos*, cunha puntuación de 3,55/5, xustificado polo maior número de profesores compartindo materias, e polo aumento de profesorado a tempo parcial (profesores asociados e invitados) que é posible que dificulte a coordinación.

## • Grao en Educación Social

Antes de ver máis polo miúdo algúns datos de ambas enquisas, é necesario deixar constancia de que ao longo dos distintos cursos avaliados se vén observando que as puntuacións dadas polo alumnado nas enquisas de Satisfacción coa Titulación son sensiblemente inferiores ás obtidas nas enquisas de Avaliación Docente do Profesorado. Isto mesmo ocorre cos índices do curso ao que se refire este Informe, o 2016/17.

### a) As enquisas de avaliación docente

Como se dixo, esta enquisa é cumprimentada anualmente polo *alumnado* matriculado no Grao. A puntuación media (o "Total") desta enquisa no Grao en Educación Social, no curso 2016-17, foi de 4,03 (Homes=4,12; Mulleres=4,01), o que indica en termos xerais un alto nivel de satisfacción co profesorado entre o alumnado do Grao.

O ítem mellor valorado é o que pregunta se "As actividades desenvolvidas polo/a docente adecúanse ao recollido na Guía Docente", cun valor de 4,15; no seguinte posto atópase o ítem-resumo "En xeral, estou satisfeito/a coa labor docente do profesorado", cunha media de 4,10.

No outro extremo, o valor máis baixo (3,82) acadouno o ítem "O/a profesor/a aplica dun modo adecuado os criterios de avaliación recollidos na guía docente (programa)", aínda que a puntuación obtida supera amplamente a media teórica (3).

Ningún ítem da Enquisa de Avaliación Docente do Profesorado reflicte valores inferiores a 3,80, o que se pode considerar un grao de satisfacción máis que aceptable entre o alumnado matriculado no Grao en Educación Social.

## b) As enquisas de satisfacción co título

Tal como se indicou, esta enquisa é cumprimentada por catro colectivos, alumnado, PDI, persoas tituladas e empregadores. De seguido exporemos os datos referidos a cada un dos catro colectivos indicados, seguindo a orde enunciada.

Os resultados da satisfacción do *alumnado* co Grao no curso 2016-17, avaliada a través do “Índice de satisfacción global por titulación”, reflicten un valor medio de 3,46 sobre 5, cunha satisfacción máis elevada entre as mulleres (3,57) que entre os varóns (3,16). No referido aos ítems mellor e peor valorados, obsérvanse que o ítem 7 (4,02) é o mellor valorado. Pola contra, o ítem peor valorado (2,98) é o referido a “Os horarios da titulación”, unha valoración inferior á media teórica (3). Este último dato podería servir de punto de partida para unha acción de mellora que facilitase que o alumnado expresase a súa opinión no proceso de elaboración e aprobación dos horarios.

Para o *PDI* do Grao, os resultados do seu grao de satisfacción para o curso 2016-17 tamén foi avaliada a través do “Índice de satisfacción global por titulación”. Para Educación Social, o valor acadado foi de 4,19, con niveis de satisfacción similares para as mulleres (4,22) e para os varóns (4,18). Este dato global é similar ao da satisfacción coa Facultade (4,15) e coa Universidade (4,21). No que os docentes amosaron maior satisfacción (4,55) foi no ítem 19, que avalía “As plataformas de tele-docencia e ferramentas multimedia”. No outro extremo, as/os docentes amosan o menor grao de satisfacción (3,67) co ítem 13 (“A coordinación entre as materias do plan de estudos”), aínda que esta puntuación sigue sendo aceptable.

Entre as *persoas xa tituladas* no Grao en Educación Social, o mesmo “Índice de satisfacción global coa titulación” foi de 3,23, algo superior ao valor medio da Facultade (3,12) e algo inferior ao da Universidade (3,30). Entre os aspectos avaliados, o máis valorado foi “A utilidade das prácticas curriculares externas” (4,39). Pola contra, “A orientación profesional e laboral” (para continuar os estudos) amósase como o aspecto que menor satisfacción lles produciu, cun valor medio de 2,55, unha puntuación moi inferiores á súa media teórica (3). Este dato poderían intentar mellorarse cunha acción de mellora para aumentar e mellorar a información sobre ambos aspectos, orientación académica e profesional para o final do Grao.

Finalmente, os *empregadores* expresaron a súa máxima satisfacción (4,33) co “Desempeño profesional e o valor que achega á empresa” a persoa titulada. Menos (aínda que bastante) satisfeitos están coa “Adecuación da formación” das persoas tituladas (4,0).

A modo de síntese, pódese afirmar que as valoracións globais do Grao, vinculadas coa satisfacción dos catro colectivos, son adecuadas: son elevadas entre os empregadores (4,30) e o PDI (4,19), intermedias entre o alumnado matriculado (3,46), e máis reducidas entre as persoas xa tituladas (3,23). En tódolos colectivos se supera a media teórica (3), polo que se poden considerar valoracións positivas, aínda que en distintos niveis.

## • Grao en Traballo Social

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas.

### a) As enquisas de avaliación docente

Valoramos moi positivamente a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado que teñen pasado do 27,47% no curso 2015/16 ao 42,45% no curso 2016/17.

No que respecta aos items relativos á satisfacción do alumnado co profesorado (enquisas de avaliación docente) aínda que con pequenas diminucións en 1º e 2º curso (sobradamente compensadas en 3º e 4º curso) téñense incrementado, en xeral, neste curso 2016/17. O “grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado” pasou de 3,70 no 2015/16 ao 3,92 no curso 2016/17; e o “grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino” subiu de 3,12 no 2015/16 ao 3,40 no curso 2016/17, por riba da xeral da Uvigo.

### b) As enquisas de satisfacción co título

A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción das titulacións oficiais mantense no 22,73%. No que respecta a satisfacción xeral do alumnado valoramos moi positivamente que aumente e se sitúa en 3,36 sobre 5, por enriba da media da Facultade de Ciencias da Educación que está en 3,13. É de subliñar que esta Titulación está entre as mellor valoradas das da Universidade de Vigo.

Se analizamos a evolución histórica da satisfacción xeral do alumnado de Traballo social, podemos afirmar que o grao de satisfacción xeral do Título de Traballo social non deixou de incrementarse nos últimos anos: comezou cun 4,95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4,18; 2013/14- 4,15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 2,96 sobre 5 (isto é no histórico sobre 7 correspondería a 5,92) para situarse no curso 2015/16 nun 3,17 sobre 5 (no histórico sobre 7, un 6,34), e alcanzar este curso académico 2016/17 o 3,36 sobre 5.

Nos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais, si analizamos algúns items en concreto, como o ítem 1 relacionado coa “satisfacción cos obxectivos e competencias” observamos que non deixou de incrementarse pasando do curso 2014/15 dun 3,32, ao 3,73 no curso 2015/16 e alcanzando este 2016/17 un 4.

Tamén resultan altas as notas relativas á Planificación (e desenvolvemento das ensinanzas que alcanzan no curso 2016/2017 un 3,92 respecto da “información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes”. Así mesmo, son altos os items relativos aos recursos materiais e servizos no curso 2016/17: as “plataformas de teledocencia alcanzan o 3,87; os “espazos destinados ao traballo autónomo” o 3,67; e “a dispoñibilidade de

fondos bibliográficos recomendados na titulación, chegan ao 3,50. Especialmente relevante para nós é a nota que adquiren os “Resultados” xa que logo as competencias adquiridas son puntuadas cun 3,73.

En definitiva, observamos que a satisfacción xeral do alumnado de Traballo social é boa, obtendo –como xa se ten comentado- como media de todas as respostas na enquisa de avaliación no curso 2016/17 un 3,36 (fronte o 3,17 do curso 2015/16), o que supera a media do Centro (3,13)

O peor ítem valorado no curso 2015/16 foi o relativo a “orientación profesional e laboral” que so tivo un escaso 2,80 e que segue a ser o mais baixo no curso 2016/17 pero que se incrementou ate o 2,85.

Cabe salientar que nesta titulación, ademais de tódalas accións relativas a PAT, existe unha materia específica optativa sobre a orientación profesional e laboral “Traballo social e Ámbitos profesionais” que obtén moi boas puntuacións do alumnado polo que non se comprende ben a valoración global do estudantado neste apartado.

No que respecta ao profesorado, o seu grao de satisfacción global é de 3,96.

O profesorado puntúa 14 dos ítems sobre os cales son preguntados con notas superiores ao 4, e ningún dos 11 restantes baixa do 3,58 atribuído aos “obxectivos de calidade”.

No que respecta as persoas tituladas “o grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das persoas tituladas” baixou lixeiramente de 3,35 a 3,29. Aínda así, nos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais, as persoas tituladas valoran cun 3,90 “a utilidade das prácticas académicas externas”. O peor valorado segue a ser a orientación profesional cun 2,45.

## TÍTULOS DE MESTRADO

### • **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas.

#### **a) As enquisas de avaliación docente**

Con respecto as enquisas de avaliación docente, a puntuación global (que inclúe valoracións sobre a planificación, desenvolvemento e resultados do Título) no curso 2016-2017 é de 3.97 sobre 5. Esta puntuación a pesar de ser lixeiramente máis baixa que as dos últimos cursos é superior á do Centro e da Universidade. A porcentaxe de participación é moi boa, e foi aumentando como resultado das accións de mellora levadas a cabo (curso 2013-2014: 3,99%;



curso 2014-2015: 16,02%; curso 2015-2016: 10,66%; curso 2016-2017: 79,63%).

Os items mellor valorados teñen que ver coa adecuación do plan formativo “Item 1.1. Esta materia é importante para a miña formación”: 4.23/5, seguida da transparencia e accesibilidade do programa académico “Item 1.2. “A guía docente da materia está dispoñible e é accesible”: 4.18/5.

Os seguintes items mellor valorados teñen que ver coa planificación docente “Item 3.1. O docente prepara e organiza ben as actividades e tarefas” 4.05/5 e o desenvolvemento das actividades “Item 5. O Docente resolve con claridade as dúbidas 4.05/5”.

O grado de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (item 12) é de 4,03 sobre 5.

### **b) As enquisas de satisfacción co título**

No que respecta ao grao de satisfacción dos diferentes colectivos -estudiantado, profesorado e persoas tituladas-, en todos os casos os resultados obtidos superan a meta establecida. Ademais, desde unha perspectiva histórica, son moi semellantes aos dos cursos anteriores, aínda que no caso do estudiantado descende con respecto aos cursos 2014-15 e 2015-16, pero continúa a ser superior que a media global da facultade. Este descenso progresivo do grao de satisfacción do estudiantado cómpre telo en conta de cara ao futuro, para intentar frealo e, se fose posible, revertelo.

No que se refire en concreto ao grao de satisfacción do curso, en primeiro lugar cómpre aclarar que o nivel de participación descendeu considerablemente nos tres grupos de interese dos que temos datos, en menor medida no caso das persoas tituladas. Pero este cambio non afecta aos resultados de satisfacción acadados, xa que no caso de profesorado mantense idéntico e nun nivel moi alto (4,56/5), e no caso do alumnado case idéntico e nun nivel tamén alto, aínda que inferior ao do profesorado (3,27/5). Os ítems mellor valorados polo alumnado son o 1, relativo aos obxectivos e competencias, o 10, o calendario das probas de avaliación e o 18, dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados mentres que o peor é o 2, referido á difusión das actividades extracurriculares entre o estudiantado. O profesorado, sinala o ítem sobre a orientación profesional e laboral como o peor valorado. En cambio, os ítems que mellor valora o profesorado son os que se refire a información sobre os obxectivos e competencias e as competencias do plan de estudos. En calquera caso, no que respecto a este colectivo, as marxes de diferenza son mínimas pois a valoración é moi alta. entre o ítem peor e o mellor valorado.

Canto ás persoas tituladas, o ítem que mellor valoran é o dos servizos, ao que asignan a puntuación (4,70), en contraste co ítem peor valorado que é a orientación profesional e laboral (2,80).

## • Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas.

### a) As enquisas de avaliación docente

Neste título, e debido ao calendario da docencia das diferentes materias, non é de utilidade a enquisa institucional, pois no momento da súa realización ou ben aínda non houbo docencia ou xa hai tempo que finalizou. Por este motivo, a coordinación do mestrado hai anos que estableceu unha enquisa específica, que se leva a cabo o último día de cada materia. Nesta enquisa se lle pregunta ao alumnado, con dúas preguntas abertas, cales son na súa opinión as fortalezas e debilidades/propostas de mellora de cada unha das materias ordinarias.

A partir desta información coñecemos mais ao miúdo o desenvolvemento da docencia. Agrupando os datos das diferentes materias, en resumo, neste curso 2016-17 constatamos as seguintes valoracións por parte do alumnado:

#### *O mellor valorado*

O mais valorado son o contido novidoso e actual, as actividades prácticas, a conexión coa realidade profesional, as saídas de campo e as actividades de módulo.

#### *Propostas de mellora*

Solicitan que aumenten aínda mais as actividades prácticas e se reduza a parte teórica, que se axuste mellor a cantidade de traballo esixido cos créditos das materias e que aumente a coordinación entre o profesorado. Estas propostas son as mais frecuentes, pero non se dan en todas as materias.

A información recadada permítenos afianzar os nosos éxitos e reducir as nosas debilidades. Localizamos problemas específicos nalgunha materia en concreto, que tratamos particularmente, e detectamos problemas que poden ter un interese mais xeral.

### b) As enquisas de satisfacción co título

O grao de satisfacción dos estudantes co título subiu nos últimos dous anos, pasando de 2,61 no curso 14-15 a 3,13 no 15-16 e a 3,55 no 16-17. Esta melloría reflicte o esforzo realizado pola coordinación do título ao analizar as fortalezas e debilidades manifestadas polos estudantes no sistema de avaliación específico que ten este Mestrado, e que se analizará a continuación. Seguindo con parámetros xenéricos, o ítem mellor valorado polos estudantes é a teledocencia e ferramentas multimedia cun 4,29.

Si comparamos a valoración do curso 2016-17 co curso anterior, observamos que se constata un incremento dos ítems e unha peor valoración tan só na orientación profesional e laboral cun 2,79. Agardamos que no próximo curso se manteña esa dinámica e siga mellorando o grao de satisfacción do alumnado.

O punto menos satisfactorio para os nosos estudantes é a orientación profesional e laboral que, aínda que foi mellorando, resulta excesivamente baixa (2,79 sobre 5). Aínda que temos organizado algunha actividade específica de orientación laboral, non tivo éxito entre o alumnado. Procuraremos insistir neste punto.

Como é de supoñer, o grao de satisfacción co título do seu profesorado é superior ao do alumnado (4,29 fronte a 3,55). En canto aos ítems mellor valorados, o profesorado valora cun 4,64/5 os espazos destinados ao traballo dos estudantes, coincidindo co alumnado en valorar moi positivamente elementos dos recursos materiais. Para o profesorado a cuestión peor valorada foi o criterio da coherencia dos criterios de asignación de docencia 3,82/5.

As persoas tituladas valoran o conxunto do título cunha puntuación moi semellante á que realizan os estudantes, cun 3,46/5, cifra superior á emitida no curso 15-16, que foi de 3,11. O ítem mellor valorado foi a utilidade das prácticas académicas externas, cun 4,67/5, unha situación que consideramos moi positiva, pois as prácticas externas neste título son obrigatorias e teñen unha extensión de 12 créditos, sendo, ademais, moi complexa a súa organización. O ítem peor valorado coincide co do alumnado: a orientación laboral, 2,70/5. Esta baixa puntuación coincide coa realizada noutros títulos, quizais porque non entran nos criterios prioritarios de deseño das titulacións universitarias.

- **Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas**

Seguidamente analízanse as respectivas modalidades de enquisas. Estas teñen carácter institucional, xa que son promovidas pola Universidade de Vigo.

#### a) As enquisas de avaliación docente

Neste Mestrado non é doada a sistematización da administración das enquisas institucionais ao alumnado porque o calendario da docencia das diferentes materias non coincide co cuadrimestre das materias dos títulos de Grao. Outro inconvinte é o de que diversos docentes comparten materia e nalgúns casos imparten moi poucas horas (4 horas). Asimesmo tamén parece que a dispoñibilidade do profesorado para que os estudantes cumprimenten as enquisas na aula varia nos distintos itinerarios. De feito no curso académico

2016-17 hai un itinerarios no que non se cumprimentaron as enquisas (Humanidades), nos que existiu unha escasa participación (Orientación Educativa: 2, 74%), ata o de CC. Experimentais no que participou o 45,22% do alumnado.

Respecto as valoracións obtidas sobre a satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado, aínda que oscila pouco dun curso para outro e en relación aos respectivos itinerarios, pode calificarse de aceptable. En xeral situase ao redor 3, cun leve descenso respecto aos cursos pasados. É complicado localizar as posibles oscilacións a alta ou baixa nas puntuacións, máis aló das xa referidas. Non obstante, é un aspecto a ter en conta nas accións de mellora do título.

### **b) As enquisas de satisfacción co título**

O grao de satisfacción dos estudantes co título subiu levemente no último curso académico aproximándose a 3/5, e deste xeito a meta global establecida polo Centro que tamén é 3/5. Con todo é desexable que continúe mellorando. Mentres que o grao de satisfacción do profesorado é moi bo, xa que se sitúa por encima de 4/5), incluso subiu levemente respecto ao curso 2014-2015, superando a meta global de calidade do centro (4/5). O grao de satisfacción das persoas tituladas aproxímase á meta de calidade establecida polo Centro (3/5), superando levemente a do curso anterior.

En relación coa satisfacción do título o alumnado o ítem que mellor valora é o de dispoñibilidade de fondos bibliográficos/teledocencia e ferramentas multimedia (3,80/5), seguido de a información sobre competencias do plan de estudos (3,60/5) e o calendario das probas de avaliación (3,50/5). Os ítems peor valorados son a difusión das actividades extracurriculares (1,43/5), o desenvolvemento das ensinanzas e coordinación de materias (1,83/5) e as vías de participación na mellora da calidade (2,40/5).

En xeral, en todos os itinerarios do título, o profesorado os ítems que mellor valoran son os relativos a horario/ calendario/ aulas/ fontes bibliográficas/ teledocencia/ obxectivos e competencias, estando case todos en 5/5. Os ítems peor valorados polos docentes son o de coordinación entre materias (2,86/5) e a difusión de actividades extra-curriculares (3,64/5). Este último coincidindo tamén coa peor valorado do alumnado.

Por outro lado, as persoas tituladas o que máis valoran son os servizos (secretaría de alumnos, biblioteca) (4,50/5) así como a utilidade das prácticas académicas externas (4,17/5) e a actualidade da formación/organización temporal das materias e a utilidade da formación (3,33/5). Os ítems peor valorados son os de información e orientación académica (1/5) así como o de organización temporal das materias (1/5) e as competencias adquiridas (1,75/5).

No caso do PAS so se dispón dos resultados do curso 2015/16, dos que se desprende, en tódalas titulacións, que o mellor valorado e a satisfacción coa

información xeral do centro e os títulos (3,58/5) e o peor a satisfacción cos recursos humanos (2,63/5). Cabe incidir que estes resultados poden estar influenciados por as últimas remodelacións que se teñen producido nos servizos de persoal da UVigo.

## 2.2.2. Análise de resultados de indicadores por materia e titulación

Atendendo aos resultados presentados anteriormente realízase a análise e valoración en cada un dos títulos do Centro (segundo proceda títulos de Grao e mestrados), incidindo principalmente a aqueles que resultan máis chamativos.

### TÍTULOS DE GRAO

#### • Grao en Educación Infantil

En canto as taxas de rendemento, eficiencia e éxito, o grao de Educación Infantil presenta porcentaxes moi satisfactorias ao situarse os resultados por enriba do 90%. Na mesma liña as taxas de graduación informan do bo funcionamento do título, presentando unha porcentaxe do 83,75% o que indica unha mellora de oito puntos con respecto o ano 15-16. A taxa de abandono, sitúase en niveles equiparables aos cursos precedentes (9%).

De centrar a análise na taxa de rendemento de cada unha das materias, obsérvase que no curso 2016-17 os resultados se atopan nun rango de entre o 79% (Antropoloxía: Pensamento e Cultura; Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta) e o 100%. Como excepcións hai que referirse ás materias Comunicación: Lingua Galega (58%) e o TFG (60%), que se ben presentan niveis máis baixos, comparativamente co contexto xeral da Universidade de Vigo, as súas taxas de rendemento son aceptables. Exclúense desta análise aquelas materias cuxo número de alumnas/os matriculadas é moi baixo (por exemplo, Idioma estranxeiro II: Francés, que conta con 2 alumnos e polo tanto a porcentaxe do 50% de rendemento non é significativa). Por outra parte, cabe mencionar que a contratación de novo profesorado para impartir a materia de Comunicación: Lingua galega permitiu implantar uns novos obxectivos de rendemento e metodoloxías acordes ao grao, que agardemos dean froitos no actual curso 2017-2018.

Hai que destacar que a materia de TFG conta cun rendemento do 60% e a taxa de éxito se sitúa no 100%. Isto pode atribuírse ao feito de que o estudantado presenta o seu TFG unha vez que o titor/a acredita a súa solvencia académica, polo que hai un filtro previo antes de que esta materia sexa avaliada polo tribunal. Isto garante, agás excepcións, que todos os TFG que se someten a defensa pública superen os criterios mínimos para a súa defensa, que se reflicten nunha rúbrica de avaliación. Isto fai que as taxas de rendemento e avaliación teñan uns valores inferiores ás de éxito.

No referido á materia do Prácticum é importante analizala e valorala dada a carga de créditos que ten no plano de estudos (48 créditos ECTS). Os datos revelan que esta materia presenta unhas excelentes taxas de rendemento, éxito e avaliación, moi próximas en todos os casos ao 100%, desde a súa implantación no curso 2012-13. En xeral, o alumnado é avaliado con moi boas cualificacións polos titores dos centros de prácticas. A diferenza doutros plans de estudo, o Título de Graduado/a en Infantil pola UVigo contempla a realización do Prácticum unha vez superado o 70% das competencias de formación básica, o que supón unha garantía para que o alumnado se aproxime ao contexto real de intervención cunha boa base de formación e polo tanto se atope adecuadamente capacitado.

En canto ás porcentaxes de cada nivel de cualificación no curso 2016-2017, calculado a partir dos resultados de todas as materias que conforman o título, os resultados revelan que a cualificación de “Notable” presenta a porcentaxe máis elevada. En concreto o 66% das 53 materias que conforman o plan de estudos sitúan no rango de Notable (puntuacións de entre 7 e 8,9) a porcentaxe maioritaria de cualificacións, seguida do rango de “Aprobado” cun 17% e o de “Sobresaliente”, cunha porcentaxe do 8%. Por último, cabe indicar a elevada porcentaxe de Sobresaliente na materia de Prácticum, cun total do 76% (194 sobresalientes), motivado polas altas cualificacións outorgadas polos titores/as externos/as ao noso alumnado, como xa mencionamos.

#### • Grao en Educación Primaria

Analizadas as taxas globais correspondentes o curso 2016-17 os resultados acadados resultan moi satisfactorios para o título. Tanto a taxa de éxito (96%) como a taxa de rendemento (88%), sitúanse por encima do conseguido nos cursos anteriores: dous puntos no caso do éxito e por encima de 2 puntos no caso do rendemento, superando de forma importante o lixeiro descenso acadado nesta taxa no curso anterior. No mesmo sentido, hai un aumento das taxas de graduación que pasan do 66% ao 72.99%. No caso das taxas de abandono, aumentaron un punto sobre as do curso anterior (10.47%), pero continúan sendo favorables, situándose por debaixo da media nacional (23.32%) para a rama de ciencias sociais e xurídicas, segundo a información do último informe CRUE 2015/2016. As taxas de preferencia (157%) e ocupación (100%) continúan sendo adecuadas, dato que unido a que a totalidade das prazas ofertadas cóbrense no 1º prazo de matrícula (xullo), evidencian o interese académico e profesional que continúa tendo o título entre o alumnado que opta a estudos de Grado, concretamente na Universidade de Vigo. Obsérvase tamén un lixeiro aumento na nota de acceso (6,9) e na nota media (7,56) coa que accede o estudantado o título. Este dato indica un perfil de alumnado con boa disposición y unha boa formación de entrada que posibilita un adecuado cumprimento do programa formativo e unhas boas taxas de éxito e rendemento do título.

Se nos fixamos nos resultados por materias, a taxa de éxito máis frecuente sitúase ao redor do 100 (43% das materias), estando o 94% das materias por riba do 90%. Como excepción atópase unha única materia ('Lingua galega') que, se ben presenta unha taxa inferior que o resto das materias do título (64%), comparado co contexto xeral da Universidade de Vigo resulta aceptable. Estes datos son un indicador de que as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación contribúen axeitadamente á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no título.

En relación coas taxas de rendemento por materia, os resultados son tamén vantaxosos. A taxa máis frecuente sitúase ao redor do 90%, (o 61% das materias), encontrándose o 88% das materias por riba do 80%. Estes resultados apuntan a que, en xeral, o desenvolvemento do plan de estudos axustase ao perfil do alumnado e a planificación das materias permite a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no tempo. As materias que máis se apartan destes resultados son 'Lingua Galega' (60%) e o Traballo Fin de Grao (69%). Para a materia de Lingua Galega que, como xa se indicou, tamén presenta as taxas de éxito máis baixas do Título, no curso presente realizouse un cambio de profesorado que posibilitou a muda nas metodoloxías docentes, esperando que se reflexe na mellora dos resultados para o actual curso 2017-18.

No caso do Traballo Fin de Grao (TFG) a taxa de rendemento aumentou en 4 puntos respecto a acadada no curso 2015-16 (60%). A explicación de que teña unha das taxas de rendemento máis baixas do Título pode explicarse polas especiais características desta materia. Para poder presentar o TFG é requisito imprescindible e que o titor/a emita un informe favorable do mesmo, indicando que o traballo reúne os requisitos mínimos para a súa presentación e defensa. Este serve como filtro previo a valoración polo tribunal, asegurando que o estudante mostra as competencias asociados ao Grao. Esta cuestión conséntase xa que a maioría de alumnado consegue superar a materia, como se reflexa na taxa de éxito que, como nos últimos tres cursos, continúa sendo do 100%. Analizadas as cualificacións obtidas polo alumnado no TFG obsérvase que non hai suspensos e que a porcentaxe máis alta de cualificacións se agrupa en torno ao Notable (67%), seguida do aprobado (14%), sobresaliente (14%) MH (5%)

Pola súa importancia e carga de créditos no plano estudos (48ECTS) cabe facer mención da materia de Prácticum. En xeral é unha materia cunhas excelentes taxas de rendemento (96%) e de éxito (100%), desde a súa implantación no curso 2012-13. O estudantado é avaliado con moi boas cualificacións polos-as titores-as dos centros e, nunha ampla proporción (supera o 70%), obtiveron a cualificación de Sobresaliente no curso 2015-2016. A Universidade de Vigo contempla a realización do Prácticum unha vez que o estudante ten superado o 70% das competencias de formación básica e obrigatoria e realizase no último curso do Grao, garantindo que os estudantes contan coa formación suficiente para a aplicación a un contexto real de aula de Educación Primaria os coñecementos adquiridos no Grao.

## • Grao en Educación Social

Temos que referir as materias que se saen do rango máis frecuente, durante catro cursos consecutivos: *Mediación en conflitos e situacións de violencia*, *Programas de animación sociocultural* e *Traballo Fin de Grao*. Tamén cabe resaltar algunhas materias polos seus bos resultados ao longo de dous ou tres cursos consecutivos, como é o caso de *Socioloxía: Socioloxía da educación e Discapacidade e educación social*.

A taxa de rendemento xeral da Titulación de Educación Social nos dous últimos cursos atópase próxima ao 90%, producíndose un incremento no último curso académico. Dito incremento, no 2015/2016, pasa de 17 a 25 materias que superan ese rango. Entre as materias que rexistran unha taxa de rendemento do 100% no curso 2015/2016 estaría *Educación para o lecer e o tempo libre* e no curso 2014/2015 *Investigación-Acción na práctica socioeducativa e Discapacidade e Educación Social*. En canto ás taxas de rendemento máis baixas, atopámonos a materia de *Traballo Fin de Grao* (curso 2015/2016). A súa taxa de rendemento mostra un descenso no curso 2014/2015 obtendo unha taxa de 53%, con respecto ao curso 2013/2014 (que foi do 63%), volvendo a mellorar no curso 2015/2016 (58%). Outra das materias que obtén a taxa máis baixa de rendemento no curso 2013/2014 é a materia obrigatoria de *Programas de Animación Socio-cultural* (58%). Con todo, se analizamos a evolución desta materia é positiva, xa que no curso 2014/2015 e no 2015/2016 obtivo unha taxa de rendemento do 70% e 77%, respectivamente.

Na Titulación de Educación Social a taxa de éxito é moi alta desde a implantación do Título. A taxa de éxito da Titulación, na súa evolución histórica, supera a meta prevista global do Centro ( $\geq 90$ ). Obtívose unha taxa de éxito que supera o 90% en todos os cursos desde o 2009/2010, situándose nos tres últimos anos ao redor do 95%. En particular, elevouse máis no curso 2015/2016, no que se obtén a taxa máis alta desde a implantación do título, superando levemente a obtida globalmente polo Centro. Estes datos poden considerarse bastante satisfactorios, xa que evidencian que a maioría do alumnado adquire as competencias previstas.

## • Grao en Traballo Social

No caso do Grao de Traballo Social **os resultados académicos (taxa de éxito)** é moi alta dende a implantación do Título e mantense estable ao redor do 90%.

A análise da evolución histórica da **taxa de éxito das materias** da titulación permítenos facer algunhas reflexións e valoracións:

- A taxa de éxito máis frecuente nos últimos cursos académicos sitúase no rango de 90-99%, pasando de 21 a 17 materias nese rango no curso 2016/17 .



- A taxa de éxito que ocupa o segundo lugar, nos últimos cursos académicos, sitúase no rango do 100%. Son 14 materias no curso 2016/17, mentres que eran 11 materias no curso 2015/2016.
- En relación ás materias que obteñen unha taxa de éxito entre o 80-89% son 7 no curso 2016/2017; mentres que eran 6 no curso 2015/2016.
- No rango 70-79% temos catro materias, mentres que so había unha no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 60-69% non existen xa materias, cando no curso 2015/16, tiñamos dúas 2015/16.
- Tamén ten desaparecido a materia que no curso 2015/16 ía no rango que vai entre o 50-59%.
- Polo tanto, en xeral, podemos dicir que se ten mellorado a taxa de éxito da Titulación.
- Téñense superado este 2016/17, con creces, as taxas de éxito máis (puntualmente) baixas do curso académico 2015/16: a materia de Servizos sociais especializados II pasa do 57% ao 86%; Epistemoloxía do Traballo social, pasa do 60% ao 81%.
- Tamén se ten superado a taxa de éxito descendente nos últimos 4 anos da materia de Psicoloxía: Desenvolvemento humano do ciclo vital, materia de formación básica de 2º curso: cun 84% no 2012/13, un 74% no 2013/14, un 72% no 2014/15 e un 63% no 2015/16, que se sitúa no 2016/17 novamente nun 74%.
- Coincide cun 74% de taxa de éxito a materia *Conceptos, teorías e métodos en traballo social* (Obrigatoria de 2º curso) pero que se vai incrementando ano tras ano ( 2013/2014 - 69%, 2014/15 - 71%, 2015/16 - 73%)
- A taxa de éxito mais baixa, tamén puntualmente este curso 2016/17 é para a materia de Psicoloxía social cun 71%.
- A Taxa de éxito do Prácticum é do 100% en todos os anos, xa que o alumnado está moi implicado na súa realización, acadando con éxito os obxectivos e as competencias desta materia.
- A taxa de éxito do TFG foi do 100% todos os anos, agás no 2014/15 cunha taxa do 98% por un suspenso. Isto é normal xa que á presentación dos TFG lle precede a “autorización” do titor/a para a súa defensa, circunstancia que dalgún xeito garante, en xeral, o aprobado ao alumnado.

A **taxa de rendemento** é tamén boa, alcanzando o 82% este curso 2016/17 e manténdose estable en relación ao 82,78 do curso 2015/16 ou o 81,97% do curso 2014/15.

Soamente a materia de TFG ten unha taxa baixa cun 52% debido as circunstancias que comporta non poder realizar a súa defensa con materias pendentas, o que non impide que o alumnado se matricule desta materia e logo non se presente a mesma. Esta cuestión aumenta tamén o tempo medio de realización dos estudos e afecta a taxa de graduación.

A **taxa de avaliación** tamén se mantén estable no 91% este curso académico 2016/17 respecto do curso 2015/16 que se situaba no 91,25%.

## TÍTULOS DE MESTRADO

### • **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

No que respecta ás taxas globais correspondentes ao Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, no curso 2016-2017 os resultados son moi satisfactorios. As taxas de rendemento (92%), avaliación (93%) e éxito (99%), na liña dos resultados obtidos nos cursos anteriores, superan as metas establecidas polo centro. Pasando a analizar os resultados por materia, as taxas de éxito son en todos os casos case do 100%, o que indica que os estudantes superaron todas as materias ás que se presentaron. As taxas de avaliación e rendemento por materia son igualmente satisfactorias, acadando o 100% en todas, excepto na materia Traballo Fin de Mestrado, que descende ao 68%. Como sabemos, trátase dunha materia con características específicas e diferentes do resto. En efecto, na práctica é a materia que pon fin ao mestrado e nela esíxese un traballo de investigación propio e orixinal, sexa teórico ou empírico. Ademais, é defendida ante un tribunal, coa necesaria autorización previa dos/das titores/as. Todo isto provoca que o alumnado lle dedique moito tempo e esforzo e que non sempre lle sexa posible presentarse na convocatoria correspondente ao ano académico que está cursando.

Por outra parte, as datas da defensa do TFM coinciden cos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres/as, polo que algúns estudantes deciden pospoñer a súa defensa a unha convocatoria posterior, o que se traduce nun descenso das taxas de rendemento e avaliación. Ademais, o perfil dalgún alumnado tamén contribúe a isto, xa que se trata de profesionais que buscan unha formación especializada e que compatibilizan os estudos coa vida familiar e laboral, polo que non dispoñen dunha dedicación exclusiva. No curso 2017-2018 defendéronse cinco traballos na convocatoria adiantada que non puideron presentarse no curso 2016-2017 polos motivos expostos. O rendemento na materia TFM é do 68% e a taxa de éxito se sitúa no 100%, o que pode deberse a que o estudantado presenta o TFM unha vez que a titora ou titor considera que o traballo reúne as condicións para ser avaliado positivamente.

### • **Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos**

A taxa de éxito neste título é do 100% en todas as materias, unha proporción moi semellante a da taxa de rendemento que, si excluimos o TFM vai do 92% ao 100%. A materia de Traballo Fin de Mestrado é a que mais difire na taxa de rendemento, pois se sitúa no 59%. Nesta materia o éxito tamén é do 100%,

pois cando se presenta demostra sempre ter a calidade necesaria para a súa defensa, polo que todos os presentados superaron esta materia con éxito.

O problema radica en que unha parte importante do alumnado se matricula nesta materia pero, finalmente, non se presenta, dando lugar a unha taxa de rendemento e avaliación inferior. No caso do curso 14-15 esa taxa situouse no 51,61%, tal porcentaxe pensamos que foi debida a que nese ano saíu un importante número de prazas para a oposición do ensino público, polo que algúns estudantes decidiron presentarse ás mesmas, deixando de lado, naquel momento, a finalización do TFM. No curso 15-16 incrementouse considerablemente a taxa, pasando ao 88%, pero no curso 2016-17 volveu descender bruscamente ao 59%. Novamente esta baixada coincide coa saída de prazas ao ensino público.

En termos xerais consideramos que as taxas relativas ao TFM vense afectadas por motivos moi diversos, pero posiblemente estean relacionados co tipo de alumnado do mestrado, persoas que simultanean estes estudos con outras actividades formativas e/ou laborais. Cando teñen problemas de dedicación exclusiva aos estudos do Mestrado, sempre elixen pospoñer a materia de TFM, porque se sitúa no segundo cuadrimestre e pola esixencia inherente da mesma. A todo isto temos que engadir que, curso a curso, vaise acumulando o número de estudantes matriculados que pertence a cohortes de anos anteriores, situación que diminúe a taxa de rendemento. Así, no curso 16-17 presentáronse ao TFM 26 estudantes, mentres que non o fixeron 18 que si estaban tamén matriculados

A cualificación mais frecuente é a de Sobresaliente (65,14%), seguida de notable (29,96%) e aprobado (4,56%). Pouco frecuentes son as matrículas de honra, 1 de 307 cualificacións. Durante este curso académico non existiu ningún suspenso. Danse algunhas diferencias entre materias, algunhas delas teñen como única cualificación sobresaliente (2 de 14), mentres que nas restantes distribúen as cualificacións en niveis diferentes. En case todas as materias teñen como cualificación mais frecuente o sobresalientes, agás 3, nas que a nota que mais se repite é o notable. O número de non presentados é reducido en todas as materias (o mais frecuente é 1 único estudante), coa excepción do TFM.

A materia de TFM manifesta un especial grao de dificultade, que se observa en que dos 44 matriculados, tan só se presentaron 26, aínda que unha vez defendido o seu traballo, non existe ningún suspenso. As cualificacións nesta materia se distribúe mais homoxeneamente que no resto, co 23% de aprobados, o 50% de notables e o 27% de sobresalientes. Non existiu ningunha matrícula de honra.

## • Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas

De entrada, cabe lembrar co mestrado de Profesorado de Secundaria conta con 4 itinerarios no Campus de Ourense. Por elo os itinerario específicos contan con materias diferenciadas, mentres que no que atinxe ao módulo común confórmase con 4 materias cursadas polo alumnado en tódolos itinerarios do Mestrado. Deste xeito realízase a análise tendo particularmente en conta os resultados do curso 2016/2017.

En xeral, como se reflicte nas táboas anteriores as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia son moi boas. Polo que atinxe as materias do módulo común as taxas de éxito, rendemento e avaliación están ou ronda o 100%. No caso da materia de Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos, en tódolos itinerarios, a taxa de éxito non acada o 100%, situándose no 99%; de xeito similar ocorre nos módulos específicos, no itinerario de Matemáticas e Tecnoloxía na materia de Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria (95%) e na de “organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía; e no itinerario de Humanidades na materia de “Economía, Administración de Empresas e ...” (95%).

Cabe sinalar, de forma excepcional, que existe unha oscilación a baixa, no rendemento e avaliación, nas materias de “Prácticas externas” e sobre todo no TFM. Sen embargo neste último tampouco se podería entender que resulta alarmante, xa que as taxas de rendemento e avaliación están nun 87% , ademais a de éxito situase no 100%, o que pon de manifesto o traballo adecuado que realizan fundamentalmente os titores para garantilo.

Na liña dos demais mestrados, respecto dos resultados globais no de Profesorado de Secundaria a taxa de éxito obtida e moi boa (99 %) sen chegar no curso 2016-17 ao 100%. As taxas de avaliación e rendemento son así mesmo gratificantes, con resultados tamén próximos ao 100%. Estes resultados indican que a titulación no seu conxunto continua a desenvolverse de xeito adecuado.

Levando a cabo unha análise pormenorizada das respectivas materias, atopamos que as porcentaxes de rendemento e avaliación case sempre son superiores ao 90%, e en moitos casos se sitúan no 100%, a excepción do Traballo de Fin de Mestrado, como se referiu. Porén, cómpre destacar que tamén no TFM a porcentaxe de éxito acada o 100%. O mesmo ocorre no caso doutra materia que non acada o 90%, a da “A atención á diversidade e a súa intervención”, da especialidade de Orientación Educativa. Sen embargo todos os presentados a superan, pero hai un 20% de non presentados. As causas destas situacións temos que buscalas por unha parte nos propios requisitos do TFM, xa que é necesario ter todas as materias aprobadas para poder presentarse, así como na dificultade intrínseca as propias materias; pois no TFM trátase dun traballo orixinal, teórico e/ou práctico, que require especial dedicación de tempo e esforzo. Debido a isto, naqueles casos en que os estudantes compatibilizan a realización do mestrado con outro traballo, é

relativamente frecuente que deixen o TFM para a seguinte convocatoria e tamén algunha materia cando teñen dificultades para asistir a clase.

Por outra parte, as materias que non acadan un nivel de rendemento e avaliación do 100%, aínda que si superior ao 95%, son: “Orientación e función titoría”, “Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario”, “Deseño curricular e Organización de Centros educativos” e “Prácticas Externas”. Aínda que, de novo, o nivel de éxito si é total, polo que se trata tamén de casos de alumnado non presentado.

Polo referido, aínda que se trata sempre de porcentaxes moi altas, é recomendable facer un seguimento das materias que non acadan o 100% no rendemento e/ou avaliación, co obxecto de ter recomendar a vixilancia e ofrecer alternativas nos próximos cursos.

### 2.2.3. Análise sobre os recursos humanos

Nesta Facultade, os recursos humanos de Persoal Docente e Investigador (PDI) e Persoal de Administración e Servizos (PAS), con carácter xeral, están compartidos polos diferentes Títulos que nela se imparten, tanto Graos (Educación Infantil, Educación Primaria e Traballo Social) como polos Mestrados e os Programas de Doutoramento.

De modo xenérico respecto a análise dos recursos humanos do centro, cabe sinalar que os datos da Vicerreitoría do Campus de Ourense informan dun total de 7 grupos de Investigación, cuxo IP se atopa na Facultade de Educación. É de destacar que os IP de 5 destes grupos forman parte do persoal docente do grao de Infantil. Unha consulta detallada das súas liñas de investigación poden atoparse no seguinte enlace: <http://vicou.uvigo.é/gl/investigacion>

Cabe destacar que o profesorado está comprometido en gran medida coa organización de múltiples accións formativas que se desenvolven na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense e que repercuten tanto na formación do alumnado como na do profesorado, tales como conferencias, cursos e talleres. Este tipo de accións son de utilidade para ambos colectivos. Nas actas da Comisión de Actividades Culturais da Facultade é posible comprobar a cantidade de iniciativas neste sentido. En Ourense o profesorado participa en diversos eventos científicos e de formación psicopedagóxica que repercuten na súa actualización como investigadores e docentes. Algúns destes eventos son organizados por Universidades, Sociedades científicas, áreas de coñecemento que imparten docencia nos títulos de educación. A propia Facultade organiza e colabora en seminarios, cursos, xornadas ou congresos que se realizan en Galicia ou Norte de Portugal. Destacamos as 30 edicións dos Encontros de Educadores/as Pola Paz, que nos últimos anos se co-organizou con Movementos de Renovación Pedagóxica de Galicia e Portugal en distintas localidades dun lado e outro da fronteira. Desde o ano 1995 a Facultade colabora tamén co profesorado doutros niveis educativos de Galicia e Portugal na realización da experiencia de radio inter-escolar “Ponte nas Ondas”, que con

máis de 20 anos, implica á nosa Facultade e 50 centros educativos doutros niveis, con variedade de sesións formativas de tipo horizontal. Volvendo á modalidade de cursos e congresos, sinalar a co-organización de catro congresos sobre a “Brecha digital /A Fenda Dixital”, o último no curso pasado en Santiago de Compostela. Coa Fundación Vicente Risco organizamos varias actividades de memoria histórica en recoñecemento ao que foi director da Escola Normal entre 1934 e 1952, Vicente Risco, recordando tamén a outros mestres da nosa historia recente: Concepción Ramón Amat, Emilio Amor, Manuel Albendea, ou todo o profesorado xubilado nos 15 anos de existencia da Facultade.

Outra das actividades formativas de relevancia, na que participa un considerable número de docentes, son as Xornadas Inter-xeracionais con escolas da contorna e as Aulas de Miores, que se organizan dende hai 14 anos, con participación de alumnado e profesorado do centro, tanto na organización, coma no desenvolvemento das actividades.

### a) Persoal de Administración e Servizos (PAS)

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) do Centro é necesario analízalo de forma conxunta, para todos os títulos da Facultade, na medida en que non existe persoal asignado de forma específica para un título. É necesario mencionar durante o curso 2016-17 a Universidade de Vigo levou a cabo o inicio dun proceso de implantación dunha nova Relación de Postos de Traballo (RPT) que xerou un importante malestar, especialmente nos centros do Campus de Ourense e tamén na nosa Facultade.

Non existindo PAS específico para os respectivos títulos do Centro, algúns dos servizos son propios da Facultade, como a Secretaría do decanato. Outros (como Asuntos Económicos) son compartidos con outros centros do Campus. A maiores deste persoal, é necesario sinalar a outro PAS do Campus ao servizo do Grao, como persoal de Informática, da Biblioteca de Campus, do Gabinete Psicopedagóxico, da Área de Emprego, da Área de Servizos á Comunidade, etc.

Ademais do PAS, no curso 2016-17 a Facultade contou coa axuda non continuada de bolseiros/as que prestaron apoio á Área de Calidade e outros que realizaron labores de mantemento e supervisión das salas de informática da Facultade.

En cuanto á participación en *plans de formación do PAS*, ao igual que en cursos anteriores, a porcentaxe de participación para o curso 2016/17 é alentadora (81,85%) e supera a meta de calidade establecida globalmente para a Facultade ( $\geq 75\%$ ), o que evidencia o interese do PAS pola mellora no seu traballo e a superación continua. Este aumento considerable dos profesionais que participan en programas de formación, o resultado sitúase case dez puntos porcentuais por riba da meta establecida, cun incremento case progresivo desde o ano 2013. Neste ano descendeu, xa que o ano anterior acadara a totalidade (100%). Pero a partir do 2013, o volume aumentou

sempre agás un lixeiro descenso no 2015. Polo tanto, trátase de resultados moi satisfactorios.

Polo que respecta á Satisfacción do PAS da Facultade, mostraron o seu maior grado de satisfacción (3,58) coa información xeral sobre o Centro e as súas titulacións. No extremo contrario atópase a (in)satisfacción cos recursos humanos (2,63), probablemente debida á nova RPT que se estaba implantando por parte da Universidade no curso 2016/17, á que xa se aludiu con anterioridade.

## b) Persoal Docente e Investigador (PDI)

### TÍTULOS DE GRAD

#### • Grao en Educación Infantil

A memoria Verifica detalla o **persoal académico** e de apoio necesario que resulta adecuado para garantir a consecución de competencias que pretenden lograrse, así como, para atender de forma conveniente o alumnado matriculado. En consonancia con cursos anteriores, valoramos de forma satisfactoria o cumprimento deste criterio, aínda que hai algúns aspectos que deben constituír obxecto de reflexión e mellora, non só para o título, senón para o contexto universitario en termos xerais. No Campus de Ourense, o Grao de Educación Infantil comparte recursos humanos e materiais cos Graos de Educación Primaria, Educación Social e Traballo Social, con tres mestrados e un programa de doutoramento.

Un total de 11 departamentos e 19 áreas de coñecemento están implicados na docencia do Grao de Infantil. Esta diversidade de áreas de coñecemento é un indicador do carácter multidisciplinar do cadro docente, o que cremos favorece un enriquecemento nas perspectivas e aproximacións ao estudo do fenómeno educativo.

Aínda que resulta difícil facer unha análise illada do título do Grao de Educación Infantil, na medida en que comparte docentes co título do Grao de Educación Primaria, algúns aspectos relevantes serán expostos a seguir: durante o curso 16-17 contou cun total de 48 profesores/as que imparten docencia, aínda que, tal e como mencionamos, unha alta porcentaxe comparten tamén a súa actividade académica co Grado de E. Primaria. En canto ao seu nivel de dedicación laboral, na táboa asociada ao Panel de indicadores co número I02-PE recóllese que o 64,5% do profesorado ten un contrato a tempo completo coa Universidade de Vigo, mentres que o 30% conta cun contrato a tempo parcial. O total de docentes co rango académico de doutor/a é do 66% (35 docentes).

En canto á actividade investigadora, a media de sexenios por profesor/a (catedráticos de universidade, catedráticos de escola universitaria e titulares de universidade) é de 1,17. De termos en conta como indicador a porcentaxe de sexenios conseguidos en función dos posibles, a cifra sitúase no 36,36%, o que supón un incremento relevante respecto ao curso 2015-16, no que a porcentaxe foi do 25,35%. Á vista destes datos, este aspecto debe seguir sendo un dos obxectivos estratéxicos do Título e da Facultade en xeral.

En canto ao perfil de docentes asignados ao Prácticum e ao TFG, sinalar que o importante volume de alumnado do título require a participación nestas materias de todo o persoal docente a tempo completo implicado na docencia do título. Para determinar o número de traballos que cada docente debe titorizar tense en conta o nivel de dedicación específico ao Grao de Educación Infantil.

En canto á **satisfacción do alumnado cos recursos humanos** sinalar que os resultados das enquisas de avaliación docente informan dunha puntuación global (media de todas as puntuacións obtidas por todo o profesorado do título) de 3,67 sobre 5, en consonancia coa puntuación obtida en cursos anteriores. Ao facer unha análise por curso, observamos que os docentes de 3º e 4º curso son os que reflicten as puntuacións medias máis elevadas (3,82 e 3,89, respectivamente); o profesorado de 2º curso é o que presenta a media máis baixa. É posible que un dos factores explicativos deste feito sexa que no último e penúltimo curso o alumnado establece o seu itinerario formativo en función da mención que máis lle interesa e polo tanto as súas expectativas previsiblemente se vexan máis satisfeitas.

En canto á participación do profesorado en programas de formación continua, os datos ofrecidos polo portal de transparencia reflicten un total de 9 participantes (mulleres 8, homes 1), o que *a priori* revela un nivel escaso de participación. Quizais os motivos sexan diversos, pero poderíase ter en conta que Unidata só recolle rexistros da plataforma Bubela, o que deixa fóra outras opcións formativas polas que de seguro opta o profesorado. Pode ser o caso dos cursos e congresos aos acoden os docentes do título nos que se abordan avances científicos sobre as disciplinas nas que son especialistas. Non son computables como “cursos de formación docente”, se ben, con seguridade, repercuten na calidade dos obxectivos, contidos e competencias que abordan desde as súas respectivas materias.

#### • Grao en Educación Primaria

Aínda que novamente hai que indicar que resulta difícil facer unha análise illada do Grao de Educación Primaria, xa que comparte profesorado con outras titulacións do centro e, sobre todo, co Grao de Educación Infantil, o persoal docente deste Título responde adecuadamente aos compromisos establecidos na Memoria do Grao. Non obstante, poden sinalarse algúns datos de relevancia: durante o curso 2016-17 contouse cun total de 46 profesores/as con docencia no título, tres máis que no curso anterior. Estes docentes, ao igual



que os que imparten en E. Infantil, forman parte de 11 departamentos e 20 áreas de coñecemento compartidas co Campus de Pontevedra. Esta diversidade de áreas é un indicador do carácter multidisciplinar do cadro docente, que favorece un acercamento máis rico o complexo dos estudantes que cursan a titulación de maxisterio ao fenómeno educativo. O 64% (28 docentes) teñen o rango académico de doutor/a, mellorando sobre o curso anterior que era do 58%.

En canto ao tipo de dedicación laboral, na táboa asociada ao Panel de indicadores co número I02-PE indícase que o 50% do profesorado ten un contrato a tempo completo coa Universidade de Vigo, mentres que o resto conta cun contrato a tempo parcial, que se concretan nun aumento de contratos de axudantes doutores (3 máis que no curso 2015-16) e de profesores asociados (2 máis que no curso anterior).

Na actividade investigadora, de termos en conta como indicador a porcentaxe de sexenios conseguidos en función dos posibles, a cifra sitúase no 32,65%, un pouco por debaixo da porcentaxe do curso 15-16, que foi do 38,89%. Con todo e convinte ter en conta as dificultades e o elevado nivel de esixencia deste mérito polo que, igual que noutras universidades españolas no ámbito xurídico-social, o número de sexenios obtidos é inferior aos potenciais. En todo caso, os/as docentes do Título fan esforzos por producir traballos de maior calidade para poder optar as revistas mellor situadas, contando con unha produción científica superior da que se deriva fixándose unicamente no cómputo do número de sexenios. En todo caso, como en case todo, existe marxe de mellora e debería ser un obxectivo estratéxico do Título e da Facultade en xeral.

Os resultados das enquisas de avaliación docente (EAD) sobre a satisfacción do alumnado '*coa labor docente profesorado*' indican unha puntuación global media [3,87 sobre 5], en consonancia á obtida nos cursos anteriores e similar a puntuación media do centro [3,89/5] e da Universidade de Vigo [3,88]. Analizado este ítem nos diferentes cursos, observamos un incremento da puntuación a medida que o alumnado avanza no Grao: 3,66/ 5 en 1º, 3,63/5 no 2º curso, 4,19/5 no 3º e 4,29/5 no 4º curso. Nótase un aumento progresivo na valoración desde os primeiros aos últimos cursos do Grao que pode ser explicado porque a partires do 3º curso no Grao ofrécense mencións que permite os estudantes elixir itinerarios formativos máis acordes cos seus intereses e expectativas.

En canto ao perfil de docentes asignados ao Prácticum e TFG, sinalar que o importante volume de alumnado do título (e do centro) require a participación nestas materias de todo o persoal docente a tempo completo implicado na docencia do título. Para determinar o número de traballos que cada docente debe titorizar tense en conta a dedicación específica ao Grao de Educación Primaria.

Analizada a participación do profesorado en programas de formación continua, os datos ofrecidos polo portal de transparencia están por encima do acado nos cursos anteriores, indicando una participación do 46% dos docentes (7 mulleres, 6 homes). Sen embargo son cifras que a priori representarían un

nivel escaso de participación do PDI na formación continua, se non fora que Unidata só recolle rexistros a partir do plan de formación desenvolvido pola Universidade de Vigo o que deixa fóra outras opcións formativas pola que de seguro opta o profesorado, habitualmente implicado en accións de formación e autoformación. Se trata de datos que non reflicten as múltiples accións de formación levadas a cabo no seno da Facultade de Educación das que non existe un rexistro sistemático, así como as lideradas polos nosos docentes noutros contextos de máis amplitude como congresos, seminarios, xornadas, talleres, etc. Todas estas accións formativas repercuten, con seguridade, na calidade dos obxectivos, contidos e competencias que abordan os docentes desde as súas respectivas materias, que é o obxectivo final da formación continúa.

### • Grao en Educación Social

As necesidades relativas aos recursos humanos necesarios para que o alumnado do Grao adquira as competencias que debe lograr, veñen establecidas pola Memoria Verifica. De maneira similar ao que ven ocorrendo dende a implantación do Grao, pódese considerar satisfactorio o nivel de cumprimento deste criterio. Isto non exclúe que haxa aspectos relacionados cos recursos humanos que deban ser obxecto de reflexión, neste Grao e nos demais que se imparten na Facultade.

En canto ao *PDI*, un total de 38 profesionais impartiron docencia no Grao de Educación Social no curso 2016/2017. Deles, como xa se indicou, unha gran proporción comparte a súa actividade laboral co resto das titulacións impartidas na Facultade. Estes docentes pertencen a un total de 5 Departamentos e 14 Áreas de Coñecemento. O Departamento que no curso pasado asumiu a maior parte desa carga docente, con 2.392 horas (65.64%), foi o de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (D00x01), seguido polo de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación (D00x4) con 750 horas (20.58%). As Áreas que impartiron un maior número de horas foron: Teoría e Historia da Educación con 1027,50 horas, Didáctica e Organización Escolar con 577,50 horas, e Personalidade, Avaliación y Tratamentos Psicolóxicos con 455 horas.

En canto ao grao de *estabilidade laboral* deste PDI, é necesario destacar que o total de profesorado con vinculación permanente á Universidade (Funcionario e Contratado Doutor) ascende a 11 (29%), porcentaxe que está lonxe da meta global de calidade formulada pola Facultade (50%). Outros/as 6 profesores/as teñen un contrato temporal (como Axudantes Doutores, e con becas pre-doutorais, que son Educadores/as Sociais). O total de profesorado a tempo completo foi de 17 (44,7%), preto do 50% que se formula como meta global de calidade. O resto do cadro de persoal do Grao (20) está composto por profesorado asociado: ante a dificultade legal de convocar prazas a tempo completo nos últimos anos, fíxose un esforzo por seleccionar profesionais con perfís adecuados á docencia vacante no Grao, na súa maioría co título de Doutor/a, de recoñecido prestixio ou coa titulación (Diplomatura ou Grao) de

Educación Social. Do total de docentes do Grao, o 63,7% ten o nivel académico de Doutor/a, unha porcentaxe superior á meta de calidade (50%). Polo tanto, para o curso 2016/17, neste apartado superouse a meta global de calidade da Facultade no que respecta ao profesorado Doutor/a, aproximouse a esa meta no contrato a tempo completo, e estase lonxe do obxectivo no que respecta ao profesorado con vinculación permanente.

É necesario deixar constancia de que o Grao conta con PDI que ten conseguida algunha Acreditación, certificada pola ANECA, pero que non puido promocionar debido ás restricións económicas e políticas da Universidade de Vigo. Así, unha docente acadou a acreditación de Catedrática Universitaria (ano 2011), cinco docentes acadaron as acreditacións de Contratadas Doctoras (anos 2010-2011) e, posteriormente, dúas destas docentes foron acreditadas como Profesoras Titulares (ano 2015).

Do PDI con docencia no Grao, a porcentaxe de *participación no programa DOCENTIA* foi do 48,57%. En canto aos resultados desa avaliación acadaron unha media de 4,03.

Antes de analizar a *experiencia investigadora do profesorado* do Grao, convén recordar que os Sexenios só os pode solicitar o PDI a tempo completo con vinculación permanente, é dicir, funcionarios e contratados doutores. Outro feito que tamén se debe ter en conta refírese aos profesores titulares (5) que se xubiláron dende a implantación do Grao, así como á incorporación de profesorado máis novo. Esta circunstancia derivou nunha diminución progresiva do indicador dos sexenios nos cursos 2014/15 e 2015-2016, que se recuperou algo no 2016/17. Así, dende o curso 2011/12 produciuse un incremento do número de sexenios ate o curso 2013/14. Logo tivo lugar un acusado descenso nos cursos sucesivos, debido ás cinco xubilacións de profesorado titular das que xa se falou. No pasado curso 2016/17 constátase unha certa recuperación, pasando do 30,77% ao 41,38% de sexenios obtidos/potenciais. Aínda que ese incremento non foi espectacular, logrouse inverter a tendencia e tamén que o Grao acadara a meta global de calidade ( $\geq 40\%$ ) formulada pola Facultade para o curso de referencia. Polo tanto, o da actividade investigadora é un aspecto que debe seguir sendo un obxectivo estratéxico tamén para este Grao e da Facultade en xeral.

En canto ao perfil de docentes asignados ao Prácticum e TFG, cómpre sinalar que o elevado número de alumnado do Grao esixe a participación nestas materias de todo o persoal docente a tempo completo e a tempo parcial con docencia do título. Para determinar o número de traballos que cada docente debe titorizar, tense en conta o tipo de contrato e a proporción de dedicación ao Grao.

Existen dous aspectos, referidos aos recoñecementos ao PDI polo TFG e polo Prácticum, que é necesario destacar. É necesaria esta reflexión por dous motivos diferentes. Por unha parte, o TFG é a materia na que máis dificultades se atopa o alumnado, polo que é necesario fomentar que alumnado e profesorado se impliquen o máis posible na súa realización. Por outra parte, as prácticas académicas externas (o Prácticum) son a materia mellor valorada

polas persoas xa graduadas, polo que é un aspecto a mimar e a mellorar, se é posible.

En primeiro lugar, están as tarefas de supervisión dos TFG: o seu recoñecemento (6 h por TFG defendido) considérase insuficiente; como é só obriga do PDI a tempo completo (non do contratado), cada docente pode ser obrigado a supervisar un elevado número de TFG cada curso, Esta situación non é tan acentuada no Grao de Educación Social, porque o profesorado asociado escolle maioritariamente dirixir TFG, o que é de agradecer e recoñecer. Ademais, o escaso PDI a tempo completo debe formar parte dos tribunais avaliadores dos TFG. Polo tanto, ademais de solicitar a quen corresponda un maior recoñecemento á coordinación e dirección de TFG, deberíase simplificar o máis posible os trámites administrativos que deben realizar os titores e os tribunais de TFG. Tamén sería de gran interese a realización dun curso no que o PDI reflexione sobre as dúbidas e dificultades suscitadas ao longo dos últimos anos.

Algo análogo ocorre cos recoñecementos pola supervisión dos dous períodos de Prácticum (I e II) de Educación Social. A Universidade non o asume como unha materia, polo que só é recoñecido como horas de xestión. Eses recoñecementos, de ½ hora polo Prácticum I e de ¾ de hora polo Prácticum II, resulta claramente insuficiente. Tendo en conta a importancia da materia e a valoración que se lle concede polas persoas graduadas, deberíase fomentar que o PDI que o supervisa lle dedicase máis tempo.

Respecto ao *grao de satisfacción do estudantado* coa actividade docente do profesorado para o curso 2016/17, analizando os resultados da enquisa de avaliación docente conséntase que á afirmación “En xeral estou satisfeito coa labor docente do profesorado”, contestan cunha puntuación media de 4,10 e que esa puntuación se incrementa a medida que o alumnado vai ascendendo de curso (3,63 en 1º; 3,94 en 2º; 4,37 en 3º; 4,57 en 4º).

Tamén se lles pregunta ás *persoas xa tituladas* pola súa satisfacción coa “Adecuación do profesorado” do Grao (ítem 8). A puntuación media deste ítem, para o curso 2016/17, foi de 3,22, superior á media teórica, pero inferior á expresada polo alumnado non titulado presentada no parágrafo anterior.

#### • Grao en Traballo Social

En xeral, tense mellorado nos recursos humanos da Titulación respecto ao curso anterior. Valoramos positivamente as melloras no **número de PDI** da Titulación que se ten reforzado no curso 2016/17 cun Titular de Universidade mais, así como con dous axudantes doutores mais que no ano 2015/16. Esta tendencia segue en aumento grazas a estabilización de tres axudantes doutores en Contratados doutores interinos.

Tamén se considera positivo a redución do número de profesorado asociado, xa que logo se ben son moi importantes na Titulación a súa diminución en catro persoas, equilibra mellor a ratio de profesorado a tempo completo e a tempo

parcial. Así mesmo consideramos positivo o **incremento do número de doutores** que pasaron de 17 no curso 2015/16 a 19 no 2016/17.

É positivo tamén o **incremento do número de sexenios** reais (de 7 no 2015/16 a 9 no 2016/17).

Tamén ten aumentado o número de **profesorado en formación** de xeito notorio pasando de 2 profesores no ano 2015/16 a 8 no curso 2016/17

## TÍTULOS DE MESTRADO

### • **Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

Dende a implantación do Mestrado pódese considerar satisfactorio o nivel de cumprimento deste criterio pois responde ao establecido na Memoria do Título.

Con respecto á análise da cualificación do PDI, no 2016-17 aumenta a categoría de titular de universidade en dúas persoas e diminúe nunha a de contratado doutor respecto ao ano anterior. Polo tanto, aumenta un profesional no cómputo total e mellora a cualificación xeral. Por outra banda, no profesorado do Mestrado da Universidade de Vigo ata o curso 2013-14 se contaba con dous catedráticos e desde entón figura unicamente un, pois unha das docentes do Mestrado xubilouse e xa non contabiliza como profesorado da Universidade de Vigo. Dos 15 docentes externos do Mestrado, 9 son Catedráticos. Todos os docentes do Mestrado posúen o título Doutor/a e máis de 90% teñen 15 anos ou máis de experiencia investigadora.

Canto aos sexenios, no caso dos docentes da Universidade de Vigo, a pesar de que aumentaron con respecto aos dous cursos anteriores, aínda están lonxe de acadar a meta establecida. Ademais, desde unha perspectiva histórica, de novo o curso 2014-15 supón unha importante caída polo motivo anteriormente exposto. Cando se xubilou unha das Catedráticas que pertencía a esta Universidade deixaron de computarse os sexenios que tiña. O número de sexenios está relacionado coa categoría profesional dos docentes que acabamos de analizar, polo que a perda dun catedrático loxicamente supón un descenso. No ano 2016-17, comeza a recuperarse e previsiblemente seguirá incrementando nos próximos anos.

Dos 15 docentes externos, 2 son estranxeiros e o resto ten de media máis de 2 sexenios de investigación. A adecuación do persoal académico do Mestrado é avalada pola ampla experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes, polo desempeño profesional académico externo e os cargos desempeñados, teses dirixidas, índice de impacto das publicacións, recoñecementos ao labor docente e investigador. Unha consulta detallada deste méritos pode atoparse no seguinte enlace: <http://masteraprendizaje.webs.uvigo.es/profesorado.htm>

O cadro docente do Mestrado está formado por docentes e investigadores especialistas nas dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos, das

Universidades de Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, León, Oviedo, Complutense de Madrid, Minho e Évora.

En canto á valoración do persoal docente por parte do alumnado, nos dous items incluídos neste sentido (I04 e I05), a pesar de que descende lixeiramente con respecto a cursos anteriores, encontramos unhas taxas bastante por riba da meta establecida e superiores ademais á media da facultade

Segundo os datos dispoñibles, 4 docentes participaron en programas de formación continua (4 mulleres). Este datos que parecen reflexar unha baixa participación non se corresponde coa realidade, pois Unidata só recolle rexistros da plataforma de Bubela, o que deixa fóra outras opcións formativas do profesorado. Tampouco se recollen os datos dos docentes externos do mestrado. En calquera caso a formación continua do profesorado debe constituír un reto e será un dos obxectivos prioritarios nos plans de mellora.

#### • Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

O Mestrado mantén dende o seu inicio un plantel de profesorado semellante, con moi poucos cambios ao longo do tempo. As modificacións circunscribíense especialmente á condición dalgún do seu profesorado, que pasou a situación de xubilado, pero mantendo a súa colaboración docente co título. Consideramos satisfactoria a calidade do equipo docente, tanto pola súa investigación como pola súa experiencia laboral.

A plantilla está composta por 40 docentes, se ben a Universidade de Vigo só ofrece información de 26, que son os que actualmente son considerados como persoal propio. O resto está constituído por docentes xubilados da propia Universidade, persoal doutras Universidades e persoal alleo ás Universidades, seleccionados pola importancia da súa experiencia profesional.

O equipo docente está formado por : 1 catedrática de Universidade, 16 titulares de Universidade (10 mulleres), 2 contratadas doutoras, 3 titulares de escola (1 mulleres), 1 persoal investigador (muller), 3 axudante doutoras, 11 asociados (7 mulleres), e 3 docentes non pertencentes ao profesorado universitario (mulleres). Nesta información se inclúen as categorías profesionais do profesorado xubilado e ao resto de docentes alleos á Universidade de Vigo. Ano a ano, esta distribución mantense con moi pouca variación.

Tal como corresponde ao contido do Mestrado, as modalidades de investigación utilizadas polo seu profesorado, así como a súa temática son moi variadas. Investigan empregando modalidades de investigación como a Investigación-acción na educación, a biográfico narrativa, a experimental e descritiva. En canto á temática, os campos de investigación prioritarios se circunscriben a Maiores, Xénero e educación, Drogadicción, Ocio e tempo libre, Saúde, Dificultades de aprendizaxe, Creatividade e A vida nas aulas.

Esta variedade multidisciplinar tamén está reflectida na variedade de departamentos á que pertence o seu profesorado (e áreas de coñecemento): 5

si só temos en conta aos 26 docentes que forman parte actualmente da plantilla da Universidade de Vigo. Consideramos positivo este trazo de multidisciplinaryidade, tan característico deste Mestrado

En canto aos sexenios de produción científica, si só consideramos os 26 docentes da Universidade de Vigo, existe unha proporción de 48,58% entre sexenios obtidos e potenciais, cantidade que aumentaría notablemente si se contabilizasen os sexenios cos que contaba o profesorado xubilado pertencente á plantilla, así como ao que traballa noutras Universidades. Polo tanto, consideramos positiva a situación do noso profesorado no relativo á súa produción científica, si ben é de agardar que a situación vaia mellorando progresivamente.

En canto á participación do profesorado en programas de formación continua, os datos ofrecidos polo portal de transparencia reflicten un total de 6 participantes (mulleres 3, homes 3) sobre un total de 26, o que *a priori* revela un nivel escaso de participación. Quizás os motivos sexan diversos, pero poderíase ter en conta que Unidata só recolle rexistros da plataforma Bubela, o que deixa fóra outras opcións formativas polas que de seguro opta o profesorado, tanto de carácter didáctico como disciplinar. Quedan tamén excluídas deste cómputo non só a asistencia, senón a coordinación/dirección de eventos científicos organizados por docentes do título, varios deles de carácter internacional.

Aos recursos docentes incorporados ao POD, tamén contamos cun número amplo de titoras/es externos que colaboran na realización das prácticas do título.

- **Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas**

A plantilla de profesorado desde os seus inicios mantén unha gran estabilidade, de forma excepcional se producen cambios en algún curso. O mestrado conta no campus de Ourense con profesorado para o módulo común (13) así como para os respectivos módulos específicos (tecnoloxía e matemáticas -7-, orientación educativa -9-, humanidades -9-, xeografía e historia-5-). Algúns destes profesores comparten imparten no módulo común así como nalgún específico. En total o plantel de profesorado deste título son 27 profesores da Universidade de Vigo e 5 externos (profesorado de secundaria). Dos 27 profesores, 24 son doutores, incrementándose levemente o número de doutores respecto aos dous cursos pasados.

Con respecto ás categorías do profesorado da Universidade de Vigo, cóntase cun catedrático de universidade, 11 titulares de universidade, unha profesora titular de escola universitaria, 6 contratados doutores e 8 profesores asociados (con experiencia relativa ao itinerario no que imparten clase).

Este profesorado pertence a diferentes áreas de coñecemento, de departamentos e facultades da Universidade de Vigo, sendo a maior parte do campus de Ourense.

En canto aos sexenios de produción científica, si só consideramos os 27 docentes da Universidade de Vigo, existe unha proporción de 42,55% entre sexenios obtidos e potenciais, superando a meta global de calidade do centro que se establece en igual ou maior ao 40%.

En canto á participación do profesorado en programas de formación continua, os datos ofrecidos polo portal de transparencia reflicten un total de 11 participantes (mulleres 7, homes 4) sobre un total de 27 profesoras da UVigo, representando menos do 50% de participación en cursos propio desta universidade. Os motivos poden ser diversos, aínda que Unidata só recolle rexistros da plataforma Bubela, o que deixa fóra outras opcións formativas polas que de seguro opta o profesorado, tanto de carácter didáctico como disciplinar. Quedan tamén excluídas deste cómputo non só a asistencia, senón a coordinación/dirección de eventos científicos organizados por docentes do título, varios deles de carácter internacional.

Aos recursos docentes incorporados ao POD, tamén contamos cun número amplo de titoras/es externos que colaboran na realización das prácticas do título.

#### 2.2.4. Análise relativa aos recursos materiais e infraestruturas

Os recursos materiais, infraestruturas, fondos bibliográficos e servizos postos a disposición dos estudantes, o profesorado e o PAS pola facultade son suficientes e adecuados ás características dos plans de estudos de este centro e axústanse ás necesidades e ao número dos estudantes matriculados.

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense conta con recursos materiais e dixitais de última xeración, froito do esforzo que se realizou nos últimos cursos académicos por mellorar os compoñentes ou renovar os equipos informáticos das aulas e laboratorios específicos. Todas as aulas teñen canón proxector e nalgunhas hai pantalla dixital. Ampliáronse os puntos de conexión eléctrica nalgúns espazos e os docentes dispoñen dunha torre con ordenadores portátiles para traballar nas aulas habituais cando non hai espazo nos laboratorios informáticos. Tamén poden utilizar gravadoras de audio, gravadoras de vídeo, cámaras de fotos, etc. Consideramos que a Facultade conta con modernos recursos materiais e electrónicos que posibilitan o desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe nas máis variadas situacións. Son instalacións pensadas e equipadas para que o alumnado aprenda a facer facendo (*learning by doing*).

En xeral, en canto aos resultados das enquisas de satisfacción dos 7 títulos os grupos de interese poñen de manifesto unha valoración positiva en canto aos recursos materiais e servizos dispoñibles para o proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido, cabe destacar que os recursos e instalacións



obteñen boas valoracións por parte de todos os grupos de interese á hora de manifestar o seu grao de satisfacción: teledocencia e ferramentas multimedia, laboratorios e aulas informáticas, aulas e equipamento, fondos bibliográficos e espazos destinados ao traballo autónomo. Isto consideramos que se debe a que en liñas xerais a nosa Facultade goza de infraestruturas e recursos materiais moi adecuados e que responden ao cometido principal que esta ten. Desde unha análise e valoración cualitativa, e práctica, con repercusión directa na calidade da docencia e a aprendizaxe, cabe resaltar que se ampliou e mellorou a cobertura respecto aos novos recursos tecnolóxicos nas aulas. Así mesmo, mellorouse novamente a conexión wifi na Facultade.

En definitiva, os títulos consideramos que dispoñen de recursos materiais e servizos que garanten o desenvolvemento adecuado da actividade formativa e permiten a consecución das competencias que se pretenden lograr. En tanto, nas Xuntas de Centro, Titulación, Comisión de Calidade e Comisión Permanente revisase de forma periódica as necesidades existentes e son tidas en conta anualmente como propostas de mellora nos informes de seguimento anuais. Ademais, en todo momento, docentes, PAS e estudantes poden formular suxestións e demandas de materiais, que se satisfán sempre que sexa posible.

### 2.3. Resultados e análises das QSP

A Facultade ten habilitado, dende fai moitos anos, unha caixa de correo física para depositar las Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) dos diferentes grupos de interese. Está situada á entrada da Facultade (Planta Baixa do Edificio de Ferro ou Facultades). Tamén existía outra máis nas dependencias de acceso ao Decanato (4º andar do Edificio Facultades). Estas caixas de correo permiten a recepción, tanto anónima como nominal, das QSP. A última destas caixas de correo deixou de prestar co referido cometido por indicación da Área de Apoio á Docencia e Calidade en 2016, ao poñer operativo a Universidade unha [aplicación dixital para a xestión das QSP](#), un procedemento que permite tamén a súa presentación anónima ou nominal. Por outra parte, o Centro atende, da maneira establecida pola normativa, as QSP que lle chegan a través do Rexistro Administrativo da Universidade de Vigo do Campus de Ourense, xa que aínda existen usuarios/as que prefiren este tipo de presentación dunha QSP.

O Centro dispuxo xa por primeira vez durante o curso 2015-16 do aplicativo dixital para a xestión de QSP que permite, tanto a presentación anónima, coma nominal das mesmas. O procedemento de QSP tanto no curso anterior coma no 2016-17 desenvolveuse da cordo co establecido nas directrices do procedemento correspondente (Xestión das QSP: Cód. MM-02 P1), e en todo caso tratando de solucionar as problemáticas manifestadas polos-as usuarios-as. En función das características das QSP, tal como recolle o procedemento de Xestión das QSP (Cód. MM-02 P1) teñen asumido a súa resposta os

membros do equipo decanal (en función das súas competencias), coordinador/a da titulación, dirección do departamento, etc.

Cabe indicar que de forma sistemática xa desde o curso académico 2010-11 a actualidade lévase seguindo o procedemento segundo o establecido polo SGIC. A análise global da información tamén se ten feito, unha vez finalizado cada curso, e emprégase para facer a respectiva reflexión e valoración na sesións da CGIC e no Informe Anual de Resultados/ Informe de Revisión pola Dirección, co obxecto de mellorar o conxunto do Centro.

Atendendo a distintos aspectos preséntanse, na seguinte táboa, os resultados estatísticos asociados aos indicadores de: tempo de resposta, tipo de usuario e de QSP, comunicado para a resposta, etc.).

#### Datos sobre as QSP do curso 2016-17

INDICADORES	
Tempo medio resposta	20
% respondidas en prazo	25%
Pendente de resposta	0
Tempo de resposta	QSP
De 1 a 5 días	13
De 6 a 10 días	1
De 11 a 15 días	10
Máis de 15 días	72
<b>Total computable</b>	<b>96</b>
Tipo de usuario	Conta de código
Estudante de grao ou 1º e 2º ciclo	88
Estudante de máster ou doutoramento	4
Estudante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	1
Outro tipo de usuario externo	1
Persoal de administración e servizos (PAS)	1
Persoal docente e investigador (PDI)	1
<b>Total computable</b>	<b>96</b>
Clasificación interna	Conta de código
<b>Computable</b>	<b>96</b>
Parabén	4
Queixa	89
Reclamación	1
Suxestión	2
<b>No computable</b>	<b>3</b>
Solicitud	3
<b>Total xeral</b>	<b>99</b>
Motivo	Conta de código
Instalacións	4
Persoas	79

Prestacións	8
Procesos	5
<b>Total computable</b>	<b>96</b>

Etiquetas de fila	Conta de código
Correo electrónico	68
Non desexo resposta	28
<b>Total computable</b>	<b>96</b>

Unidade que responde	Conta de código
<b>Facultade de ciencias da educación (administración)</b>	<b>4</b>
De 1 a 5 días	4
<b>Facultade de ciencias da educación (docencia)</b>	<b>92</b>
De 1 a 5 días	9
De 6 a 10 días	1
De 11 a 15 días	10
Máis de 15 días	72
<b>Total computable</b>	<b>96</b>

Unidades clasificadas	Conta de código
<b>Facultade de ciencias da educación (administración)</b>	<b>4</b>
Parabén	1
Queixa	1
Suxestión	2
<b>Facultade de ciencias da educación (docencia)</b>	<b>92</b>
Parabén	3
Queixa	88
Reclamación	1
<b>Total computable</b>	<b>96</b>

O proceso seguido na tramitación e resposta das QSP desenvolveuse seguindo as directrices do correspondente procedemento de Xestión das QSP. En todo caso, faise un gran esforzo por solucionar as inxerencias e problemáticas manifestadas polos/as usuarios/as. O Equipo Decanal nomeou a un dos seus membros como persoa responsable da xestión destas QSP.

Ante unha QSP referida á Facultade de Ciencias da Educación e presentada a través da aplicación, os *pasos do procedemento* que se leva a cabo son os seguintes:

1. O servizo central da Universidade de Vigo que xestiona o sistema (“Unidade de Análises e Programas”) asígnalle a QSP á Facultade de Ciencias de Educación.
2. A persoa responsable de xestionar as QSP da Facultade é informada pola citada Unidade, mediante correo electrónico, de que se recibiu unha QSP e que se considera (dende a Unidade) que esa QSP debe ser respondida pola Facultade.
3. A persoa responsable da Facultade accede á QSP e, se considera que se refire a algún aspecto relacionado coa Facultade, acepta a xestión da mesma.

4. Despois de ler a QSP, en función do obxecto da mesma, o responsable da Facultade decide se a pode contestar directamente ou se é necesario remitirla a outra Unidade da Universidade para que informe sobre o obxecto da QSP.
5. No primeiro caso, o responsable da Facultade contesta a QSP, unha contestación que lle é comunicada á persoa que presentou a QSP. Con esta actuación dáse por concluído o procedemento de xestión desa QSP.
6. En caso de que o responsable da Facultade considere necesario pedirlle información a outra Unidade, remíteselle a QSP para que informe. Esta Unidade adoita solicitarlle información ao docente ao que se refire a QSP e logo elabora un Informe que, finalmente, é subido á plataforma. Nese momento, notifícaselle ao responsable da Facultade que está dispoñible o informe. O responsable, á vista do(s) informe(s), elabora unha contestación á QSP e sóbea á plataforma, co que se da por finalizado o procedemento desa QSP.

Anualmente, dende a Unidade de Análises e Programas elabórase un “Informe de resultados das QSP do Centro” para cada un dos centros da Universidade de Vigo. A continuación, presentaranse de xeito resumido os datos do “Informe de resultados da QSP” para a Facultade de Ciencias da Educación correspondente ao curso 2016-17.

O número total de QSP presentadas a través da Aplicación foi de 96. En función do tipo, *clasifícanse* como segue: 1 reclamación, 2 suxestións, 3 non computables, 4 parabéns, e 89 queixas.

En canto o *motivo* ao que se refiren, 4 refírense ás instalacións, 5 a procesos, 8 a prestacións, e 79 a persoas. Respecto ao *usuario* que presentou a QSP, 88 foron presentadas por estudantes de Grao ou 1º e 2º ciclo, 4 foron feitas por estudantes de doutoramento, 1 foi presentada por un estudante doutros estudos propios da Universidade de Vigo, e 1 foi feita por outro tipo de usuario externo.

En canto ao *tempo de resposta*, 13 QSP foron contestadas nun intervalo entre 1 e 5 días, 1 foi contestada entre 6 e 10 días, 10 foron contestadas entre 11 e 15 días, e 72 foron respostadas en máis de 15 días. A partir destes datos, os indicadores infórmanos de que o tempo medio de resposta foi de 20 días, cun 25% das QSP respostadas dentro do prazo, e non estando ningunha pendente de resposta. Dadas as consultas requiridas ou complexidade dalgunha queixa non sempre é posible responder en 15 días.

Respecto aos datos do citado Informe para o curso 2016-17, é necesario facer polo menos dúas aclaracións. En canto ao número, hai que deixar constancia de que, do total de 96 QSP presentadas, 51 delas correspóndense a un só docente que se xubilou ao rematar o curso 2016-17. Respecto á baixa proporción de QSP respondidas no tempo estipulado (15 días), convén recordar o procedemento de resposta cando a QSP se refire a un docente (a inmensa maioría delas) e se considera necesario solicitarlle un informe a outra Unidade (case sempre, ao Departamento a o que pertence).

## 2.4. Estado/ Situación dos rexistros de calidade do sistema

De seguido, márcase o nivel do estado ou situación na que se atopa o desenvolvemento de cada procedemento e os rexistros/evidencias asociadas (véxase a seguinte táboa).

Táboa sobre estado/ situación dos rexistros do SGIC (curso 2016/17)

Procedemento	Código	Registro/Evidencia	Estado/ Situación de desenvolvemento			
			C	P	NC	Non procede
Planificación e desenvolvemento estratéxico	<b>R1-DE01P1</b>	Plan estratéxico do centro				X (ten carácter voluntario polo que se tomou a decisión de agardar pola aprobación do plano estratéxico da Universidade de Vigo para logo desenvolver o programa estratéxico do centro. Con todo, a estratexia non está exenta na facultade e desprégase fundamentalmente a través da política e obxectivos de calidade de xeito contextualizado)
Seguimento e medición	<b>R1-DE02P1</b>	Panel de indicadores	X			
Revisión do sistema pola dirección	<b>R1 -DE03P1</b>	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais*	<b>R1-DO0101P1</b>	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación				X
	<b>R2-DO0101P1</b>	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación				X
Seguimento e mellora das titulacións	<b>R1-DO0102P1</b>	Informes anuais de seguimento	X			
	<b>R2-DO0102P2</b>	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	X			
	<b>R3-DO0102P3</b>	Informes de revisión interna (U.Vigo )	X			
Suspensión e extinción dunha titulación	<b>R1-DO0103P1</b>	Resolución de extinción dun título	X			
	<b>R2-DO0103P1</b>	Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG	X			
Planificación e desenvolvemento da ensinanza	<b>R1-DO0201P1</b>	Informe de Coordinación	X			
	<b>R2-DO0201P1</b>	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	X			
Promoción das titulacións	<b>R1-DO0202P1</b>	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudantado	<b>R1-DO0203P1</b>	Plan de acción tutorial	X			
	<b>R1-DO0203P1</b>	Informe final de avaliación do PAT	X			
Xestión das prácticas académicas externas	<b>R1- DO0204 P1</b>	Criterios de asignación das prácticas curriculares	X			
Xestión da mobilidade	<b>R1-DO0205 P1</b>	Listaxe de estudantado propio seleccionado	X			
	<b>R1-DO0205 P1</b>	Listaxe de estudantado de mobilidade alleo	X			
Información pública e rendemento de conta	<b>R1- DO0301P1</b>	Plan operativo de xestión pública	X			
Xestións das queixas, suxestións e parabéns	<b>R1-MC02</b>	Comunicación da QSP	X			
	<b>R2-MC02</b>	Informe e proposta de resposta validados	X			
	<b>R3-MC02</b>	Informe QSP Periódico	X			

Satisfacción das usuarias e usuarios	<b>R1-MC05</b>	Proposta de PAESU	X			
	<b>R2-MC05</b>	PAESU	X			
	<b>R3-MC05</b>	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación	X			
	<b>R4-MC05</b>	Informe de resultados de avaliación	X			
	<b>R5-MC05</b>	Informe de seguimento do PAESU	X			
Xestión do PAS	<b>R1-PE01</b>	Identificación de necesidades do PAS do centro	X			
	<b>R2-PE01</b>	Identificación de necesidades do PAS do centro	X			
Xestión do PDI	<b>R1-PE02</b>	Resultados de avaliación docente anuais	X			
	<b>R2-PE02</b>	Informe para responsables académicos	X			
	<b>R2-PE02</b>	Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	X			
	<b>R4-PE02</b>	Ficha de programa/ actividade de formación	X			
Xestión de recursos materiais*	<b>IT01-PA07</b>	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	<b>IT02-PA07</b>	Ficha de solicitude do recurso material	X			
Xestión de servizos*	<b>IT01-PA08</b>	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro	X			
	<b>IT012PA08</b>	Informe de resultados dos servizos contratados	X			

\*Os rexistros sinalados con fondo gris correspóndense a procedementos que están actualmente en proceso de revisión e actualización pola Área de Calidade da Uvigo

### Lenda:

Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación	
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...)	
Non comezada para ningunha titulación	
Non procede	

## 2.5. Análise da política e obxectivos de calidade

O seu desenrolo continuou coa tónica xeral dos cursos pasados. Por elo, tendo en conta as súas liñas de actuación e clima positivo que desenvolven no Centro é apropiado continuar mantendo a política de calidade da Facultade. Asimesmo os obxectivos de calidade e as metas propostas para o curso 2016-17, como se reflicte nos resultados aportados, en xeral foron acadadas nos respectivos títulos do Centro, incluso, nalgúns casos sobre pasaron a previsión marcada.

Os propósitos relacionados co ocupación e preferencia polos títulos foron cumpridos moi satisfactoriamente, coa excepción do Grao de Educación Social que acadou unha preferencia o 72% sobre 80% da meta global establecida para o Centro. No obstante, o nivel de ocupación incrementouse en tódolos títulos. Un curso máis púxose de manifesto que a boa parte da xuventude lle resulta atractivo elixir o noso Centro e cursar estudos nas titulacións que ofertamos. A nosa Facultade goza dunha gran demanda entre a poboación obxecto de emprender estudos universitarios.

En canto á duración dos estudos os resultados son bastante satisfactorios, así como a taxa de graduación, xa que en liñas xerais se sitúan no previsto. O noso alumnado conta cun bo rendemento e iso, posiblemente, xunto ao nivel

de satisfacción manifestado fai que o abandono sexa baixo; e a taxa de éxito acadada presenta moi bo nivel, tanto nos Graos, coma nos Mestrados.

O Centro está en condicións de manter os retos plantexados nas Metas de Calidade de cara a este e os próximos cursos académicos. Entendendo que se debe ser prudente, xa que as metas son globais e as pequenas oscilacións poden producirse nun ou noutro título (pois 7 títulos son un número elevado para que un Centro poida establecer metas globais sen risco).

As decisións para manter os Obxectivos e as Metas de Calidade do Centro apoiase nos resultados obtidos no curso pasado e previos. Por elo, ante as escasas oscilacións e a presenza de estabilidade decídese manter con carácter permanente a política e os obxectivo de calidade, ata que se produzan cambios e/ ou aparezan novos requisitos, necesidades, etc. Unha vez revisada en profundidade a política e obxectivos de calidade preséntase a mesma versión, do plantexado no curso 2016-17, para os Obxectivos e Metas de Calidade para o curso 2017-18 e seguintes, a excepción da relativa a obter a certificación do sistema de calidade do centro, por terse acadado no curso pasado. En definitiva, sostense que as pequenas oscilacións a alta ou baixa non xustifican incorporacións, especialmente nos cambios das puntuacións das metas de Calidade. O enlace sobre os política e obxectivos atópase en: <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/politica-e-obxectivos-de-calidade>

### III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

De seguido preséntase o estado da situación das melloras propostas nos Informes de Seguimento de Título do curso académico 2015-16, atendendo ás respectivas titulacións do Centro.

#### 3.1. TÍTULOS DE GRAD

##### Grao en Educación Infantil

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Revisión/axuste das competencias por materia	x			
Horarios adaptados ao alumnado de Ciclos Superiores				x
Establecer reunións e acordos con directores de departamento para minimizar a fragmentación da docencia nas materias, así como, favorecer a estabilidade do profesorado na impartición das materias (en especial as de 1º curso)	x			
Titorial para a realización de pedidos online	x			
Xestión online para trámites ou requirimentos ao PDI			x	
Reserva de aulas vía online			x	
Soporte de tecnoloxía dixital como medio para facilitar a coordinación docente dos títulos e a súa xestión académico-administrativa			x	
Renovación dos equipos informáticos do Laboratorio de Idiomas, Seminario de Inglés, algúns do Laboratorio 309 e de doce aulas de docencia	x			
Mellora dos equipos informáticos do laboratorio 112 e dos portátiles empregados puntualmente para a docencia	x			
Instalación de impresoras multifunción	x			

Maquetación e publicación de manual sobre normativas TFG e Prácticum. Presentación de modelos de excelencia para o resto do alumnado			X	
Deseño de novos trípticos ou documento similar sobre os Títulos do Centro, en particular dos Graos			X	
Paneis informativos para os usuarios da Facultade	X			
Continuar revisando guías docentes e fichas do título para corrección de erros	X			

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

**Grao en Educación Primaria**

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Deseño de novos trípticos sobre os títulos do centro, en particular dos Graos			X	
Maquetación e publicación de manual sobre normativas do TFG e prácticum. Presentación de modelos de excelencia para o resto do alumnado			X	
Continuar revisando guía docente de fichas do Título para a corrección de erros	X			
Paneis informativos para os usuarios da Facultade	X			
Instalación de impresoras multifunción	X			
Mellora dos equipos informáticos do laboratorio 112 e de portátiles empregados puntualmente na docencia	X			
Renovación de equipos informáticos do laboratorio de idiomas, seminario de inglés, algúns do laboratorio 309 e doce aulas de docencia	X			
Soporte de tecnoloxía dixital como medio para facilitar a coordinación docente dos títulos e a súa xestión académico-administrativa			X	
Reserva de aulas vía online			X	
Xestión online para trámites ou requirimentos ao PDI			X	
Titorial para a realización de pedidos online	X			
Minimizar a fragmentación da docencia en materias de 1º curso		X		
Revisión/axuste de competencias por materia	X			

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	



## Grao en Educación Social

ACCÍONS DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Mellora no deseño da páxina Web da Facultade		x		
Posta en marcha dunha plataforma dixital para darlle servizo ao SGIC		x		
Mellorar o recoñecemento en PDI do traballo realizado no Prácticum e o TFG		x		
Mellora na contratación de PDI a tempo completo e dotación suficiente de PAS		x		
Fomentar a mobilidade do PDI e a súa participación en accións formativas e de avaliación		x		
Mellorar a dotación de mobiliario e recursos tecnolóxicos nas aulas e optimizar espazos		x		
Ampliación das accións do Plan de Acción Titorial (PAT)		x		
Diminuír o tempo de finalización dos estudos, estimulando a presentación do TFG no curso previsto		x		
Mellorar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción		x		
Mellorar a información das persoas graduadas desta titulación		x		

**\*Lenda:**

Desenvolvida Completamente (C)	
Realizada Parcialmente (P)	
Non Comezada (NC)	
Non Procede (NP)	

## Grao en Traballo Social

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Incrementar a porcentaxe de alumnado que elabora e presenta o TFG en primeira e segunda convocatoria.		x		
Formular accións de axuda ao alumnado de primeiro que se incorpora tarde.	x			
Consulta a empregadores-as, asociacións e egresados-as.		x		
Listaxe de docentes de Traballo Social.	x			
Uso de redes sociais como fórmula promocional para darlle visibilidade ao título.	x			
Escaso profesorado a tempo completo na titulación.		x		

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

### 3.2. TÍTULOS DE MESTRADO

#### Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Ampliación dos puntos de conexión eléctrica das aulas.	x			
Soporte de tecnoloxía punta como medio para facilitar a coordinación docente nos títulos e a súa xestión administrativa.	x			
Adquisición de tecnoloxías punteiras para facilitar o seu uso didáctico.	x			
Renovación dos equipos informáticos do Laboratorio de NNTT 2.	x			
Articulación do laboratorio de protocolos e instrumentos para a avaliación do desenvolvemento psicomotor.		x		
Solicitude de modificación do plan de estudos.	x			

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

#### Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Elaboración dun procedemento normalizado de coordinación docente.		x		
Incrementar o número de xuntanzas de coordinación con evidencias escritas.		x		
Mellorar o grao de satisfacción do alumnado co título.	x			
Mellorar os procesos de planificación e desenvolvemento.	x			

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

## Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Crear comunidade de egresados/as			x	
Reorganización da CA				x
Mellorar representación estudantil			x	
Inclusión de Profesores de Practicas en tribunais de TFM				x
Nomear Coordinador/a de Prácticas Externas	X			
Ampliar horas de prácticas	X			
Grupo de módulo común de FP	X			
Modificar fichas de materias en Memoria Verifica				x
Análises de resultados	X			
Mellorar a coordinación do profesorado		x		
Creación de seminarios profesionalizantes.		x		
Coordinación dos procesos del SIGC.	X			
Deseñar enquisas para recoller información sobre os titores de prácticas.			x	
Preparar accións para fomentar a participación do alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción.	X			
Ampliar a información na Páxina WEB propia sobre os docentes da titulación.	X			
Implantación do PAT específico para esta titulación.	X			
Visualizar desde a páxina web propia todos os procedementos e evidencias nos que está implicada a titulación.		x		
Medidas de mellora de satisfacción dos estudantes coa Planificación e desenvolvemento das ensinanzas.	x	x		

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

#### IV. (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

Unha vez revisados os resultados sobre o estado/situación das accións de mellora propostas, preséntanse as novas accións para continuar desenvolvéndoas no curso académico 2017-18 e seguintes, se procede.

##### 4.1. TÍTULOS DE GRAD

- Grao en Educación Infantil

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Mellora da coordinación de Prácticum entre titores/as académicos/as e titores/as externos coa regularización de reunións conxuntas				
Revisión da normativa do Prácticum, visibilización na web do lugar onde se deposita/localiza a documentación da materia do Prácticum e adecuación ás necesidades desta materia dentro da titulación.				
Actualización e mellora da rúbrica de avaliación do Prácticum				
Custodia das memorias de Prácticum na Secretaría Virtual asociada ao expediente de cada alumno/a				
Mellora dos informes de avaliación dos titores/as de Prácticum e a súa inclusión na Secretaría Virtual				
Revisión e equiparación da normativa de Traballo Fin de Grao á da Universidade de Vigo	X			
Simplificación na xestión de evidencias por parte de tribunais e titores/as de TFG				
Custodia do Traballo Fin de Grao en formato dixital asociado ao expediente de cada alumno/a na Secretaría Virtual				
Revisión e mellora da rúbrica de avaliación por parte dos tribunais do Traballo Fin de Grao	X			
Plan de formación continua de docentes con cursos específicos para o centro/título	X			
Equiparación do recoñecemento de materias convalidadas para o alumnado que accede a Educación Infantil desde o Ciclo Superior de Educación				
Elaboración e aprobación dunha normativa para a Comisión de Coordinación Intercentros				
Actualizar o PAT e especificar as accións de orientación profesional dirixidas ao estudiantado.	X			

**\*Lenda:**

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

## • Grao en Educación Primaria

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Mellora da coordinación de Prácticum entre titores/as académicos/as e titores/as externos coa regularización de reunións conxuntas				
Revisión da normativa do Prácticum, visibilización na web do lugar onde se deposita/localiza a documentación da materia do Prácticum e adecuación ás necesidades desta materia dentro da titulación.				
Actualización e mellora da rúbrica de avaliación do Prácticum				
Custodia das memorias de Prácticum na Secretaría Virtual asociada ao expediente de cada alumno/a				
Mellora dos informes de avaliación dos titores/as de Prácticum e a súa inclusión na Secretaría Virtual				
Revisión e equiparación da normativa de Traballo Fin de Grao á da Universidade de Vigo	X			
Simplificación na xestión de evidencias por parte de tribunais e titores/as de TFG				
Custodia do Traballo Fin de Grao en formato dixital asociado ao expediente de cada alumno/a na Secretaría Virtual				
Revisión e mellora da rúbrica de avaliación por parte dos tribunais do Traballo Fin de Grao	X			
Plan de formación continua de docentes con cursos específicos do centro/título	X			
Elaboración e aprobación dunha normativa para a Comisión de Coordinación Intercentros				
Actualizar o PAT e especificar as accións de orientación profesional dirixidas ao estudiantado.	X			

## \*Lenda:

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

## • Grao en Educación Social

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Revisión da normativa do Prácticum, visibilización na web do lugar onde se deposita/localiza a documentación da materia do Prácticum.				
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Asegurar a presenza de representantes do alumnado na elaboración e aprobación dos horarios do Grao				
Incrementar a información para o alumnado do último curso, referida as posibles saídas laborais e de continuación de estudos				
Revisar e mellorar a rúbrica de avaliación por parte dos membros dos tribunais do TFG	X			
Simplificar a xestión de evidencias por parte de tribunais e titores/as de TFG				
Asociar a custodia do TFG, en formato dixital, ao expediente de cada estudante na Secretaría Virtual				
Plan de formación continua de docentes con cursos específicos para o centro/título	X			
Actualizar o PAT e especificar as accións de orientación profesional dirixidas ao estudiantado.	X			

## \*Lenda:

Desenvolvida Completamente (C)	
Realizada Parcialmente (P)	
Non Comezada (NC)	
Non Procede (NP)	

- Grao en Traballo Social

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Revisión da normativa do Prácticum, visibilización na web do lugar onde se deposita/ localiza a documentación da materia do Prácticum.				
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Mellorar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción: Concienciar ao alumnado da importancia de súa participación para a mellora de todo o relacionado coa Titulación.				
Fomentar a mobilidade e a participación nas accións formativas e de avaliación do profesorado.				
Diminuír o tempo de finalización dos estudos, estimulando a presentación de TFG no curso previsto				
Modificación das rúbricas de avaliación de TFG.	X			
Mellorar a atención docente no TFG				
Consultar a empregadores-as e asociacións sobre satisfacción co título e inserción laboral				
Mellorar a información dos egresados				
Actualizar o PAT e especificar as accións de orientación profesional dirixidas ao estudantado.	X			

## \*Lenda:

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

## 4.2. TÍTULOS DE MESTRADO

- Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/ Situación*			
	C	P	NC	NP
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Plan de formación continua dos docentes con cursos específicos do Centro/título	X			
Mellorar a participación de docentes e alumnado nas enquisas de satisfacción do título				
Arquivar o TFM en formato dixital na Secretaría Virtual dos Estudantes				
Revisión e mellora da rúbrica de avaliación dos tribunais do Traballo fin de Máster	X			

## \*Lenda:

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

• Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Mellorar a sistematización da coordinación docente				
Continuar na mellora do procedemento de coordinación docente mediante a incorporación na CAM dun representante por Módulo de materias	X			
Simplificar a xestión de evidencias por parte de tribunais e titoras/es de TFM				
Revisar e mellorar a rúbrica de avaliación por partes dos tribunais do TFM	X			
Custodiar o TFM en formato dixital asociado ao expediente de cada estudante na Secretaría Virtual				
Manter ou incrementar o grao de satisfacción do alumnado co título				
Deseñar o Plan Anual de Avaliación da Satisfacción dos Usuarios/as (PAESU) para o <i>Máster en Intervención Multidisciplinar en Contextos Educativos</i> ; incluíndo a elaboración da ficha técnica do deseño da actividade de avaliación	X			
Desenvolver o Informe de Seguimento do PAESU derivado do <i>Máster en Intervención Multidisciplinar en Contextos Educativos</i> .				

\*Lenda:

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

• Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas

ACCIÓN DE MELLORA	Estado/Situación*			
	C	P	NC	NP
Elaborar un procedemento normalizado de coordinación docente				
Sistematizar reunións de coordinación contando con evidencias escritas				
Crear comisión de revisión das guías docentes				
Charla sobre orientación laboral				
Simplificar a xestión de evidencias por parte do tribunal e titores/as do TFM		X		
Revisión e mellora das rúbricas de avaliación do TFM	X			
Custodiar o TFM en formato dixital asociado ao expediente de cada estudante na secretaría virtual.		X		

\*Lenda:

Desenvolvida completamente	
Realizada parcialmente	
Non comezada	
Non procede	

## V. CONCLUSIÓNS GLOBAIS E ACORDO

Como conclusións fundamentais cabe resaltar que:

- Existe unha evolución e mellora real en todos os aspectos asociados á implantación e desenvolvemento do Sistema Interno de Garantía de Calidade. De feito o Centro, como se puxo de manifesto, obtivo no curso académico 2016-17 a Certificación “Favorable” da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.
- As política do Centro continua ligada a unha estratexia promovida institucionalmente que recolle directrices ambiciosas coas que a Facultade se sente identificada. Respecto aos obxectivos e metas de calidade marcados pola Facultade de CC. da Educación, e como se reflexa nos resultados aportados no presente Informe en xeral acadáronse con bastante bo nivel. Por elo, ao detectar certa estabilidade con respecto aos cursos pasadas acordase manter con carácter permanente a política e os obxectivo de calidade, ata que se produzan cambios e/ou aparezan novos requisitos, necesidades, etc. Unha vez revisados os obxectivos e metas, o único cambio aplicado neste momento afecta a meta relativa ao obter a certificación do sistema de calidade do centro, por terse acadado no curso pasado.
- Cabe resaltar que os resultados relativos as taxas de éxito, avaliación e rendemento nas materias dos respectivos títulos do Centro son moi positivos, aproximándose en case tódolos casos a porcentaxe máxima, coa excepción do TFG e do TFM, na que descende un pouco, en particular nos Graos. Por elo, nos casos máis salientables (Trab. Social) contempla algunha acción de mellora.
- O aplicativo empregado para a xestión das QSP é unha ferramenta interesante, que precisa contar con mecanismos institución, así coma con maior apoio de persoal PDI e PAS como para axilizar e afrontar con maior efectividade, en particular, a resolución dos problemas reais do Centro. Un maior grao na especialización deste servizo podería contribuír a mellorar a súa eficacia.
- En xeral respecto ás accións de mellora xa desenvoltas a situación das mesmas pon de manifesto tamén un avance na calidade dos títulos e motiva a afrontar novos retos que se plasmaron nas novas accións presentada para levar a cabo no curso 2017-18 e seguintes.
- O traballo realizado pola Comisión de Calidade ten sido moi efectivo e o seu dinamismo tamén se plasma nos bos resultados acadados. De feito na actualidade é un foro clave para a reflexión, diálogo, debate, análise e toma de acordos e decisións co obxecto de mellorar o Centro no seu conxunto e de responder ás esixencias do SGIC en particular, así coma as expectativas dos grupos de interese.

### Por todo o referido acórdase:

